

GRAMÁTICA DA LINGUA GALEGA

Índice

O SUBSTANTIVO E O ADXECTIVO.....	2
O substantivo.....	2
O adxectivo.....	2
O xénero. A flexión do xénero.....	2
Substantivos de xénero invariable.....	3
O número. Formación do plural.....	4
GRAOS DO ADXECTIVO.....	6
USO DAS CONXUNCIÓNS COMPARATIVAS.....	7
OS PRONOMES PERSOAIS.....	8
Formas tónicas.....	8
Formas átonas.....	9
Dativo de solidariedade.....	9
Dativo de interese.....	9
As formas reflexivas e pronominais.....	10
Funcións e valores do pronome se.....	11
Colocación dos pronomes átonos.....	11
OS PRONOMES RELATIVOS.....	13
INTERROGATIVOS E EXCLAMATIVOS.....	14
O ARTIGO.....	15
OS POSESIVOS.....	17
OS DEMOSTRATIVOS.....	19
OS INDEFINIDOS.....	20
OS NUMERAIS.....	22
Pesos e medidas.....	23
O VERBO.....	24
Verbos que rematan en -er (CII) e en -ir (CIII).....	26
Valores dos modos e dos tempos verbais.....	29
Verbos con alternancia vocálica.....	33
Verbos irregulares.....	34
AS PERÍFRASES VERBAIS.....	38
Clasificación das perífrases verbais.....	38
ADVERBIOS E LOCUCIÓNS ADVERBIAIS.....	40
Clasificación dos adverbios.....	40
PREPOSICIÓNS E LOCUCIÓNS PREPOSITIVAS.....	44
Clasificación das preposicións.....	44
CONXUNCIÓNS E LOCUCIÓNS CONXUNTIVAS.....	47
Conxuncións coordinantes.....	47
Conxuncións subordinantes.....	47

O SUBSTANTIVO E O ADXECTIVO

O substantivo

No plano sintáctico, o substantivo desempeña a función de núcleo da frase nominal: *unha muller libre, a nena do veciño*.

Semanticamente, designan seres, conceptos, obxectos, accións, calidades...

Clasifícanse consonte o que designen:

- Propios:
 - antropónimos: *Helena, Henrique, Alberte*.
 - topónimos: *A Estrada, Ourense, O Freixo*.
- Comúns:
 - concretos: *area, chalana* / abstractos: *solidariedade, amor*
 - contables: *garfo, galo* / non contables: *choiva, sal*
 - individuais: *piñeiro, abella* / colectivos *piñeirai, enxame*

O adxectivo

Pode ser núcleo da frase adxectiva e admitir modificación adverbial.

Semanticamente, o adxectivo expresa calidades ou características do substantivo.

Distínguense adxectivos:

- Especificativos. Particularizan unha calidade: *pelo louro, mareas vivas*.
- Explicativos. Expresan unha calidade inherente ao substantivo: *xeo frío*.

O xénero. A flexión do xénero

O xénero é a categoría gramatical que permite clasificar os substantivos e os adxectivos en masculinos e femininos.

Os **substantivos variables** presentan oposición de xénero, coas conseguíntes diferenzas de significado: sexo, forma, función e oposición individual/colectivo.

A flexión de xénero nos substantivos fórmase:

- ① • Empregando **distintos lexemas**: *xenro/nora; cabalo/egua; carneiro/ovella; castrón, bode/cabra; boi, touro/vaca; frade/freira...*
- ② • Con **diferentes morfemas flexivos**:
 - 1 – os rematados en **-o** e **-e** átonos cambian o morfema masculino por **-a**: *elefanta, xefa, crúa, médica, mala, asturiana*.
 - 2 – os rematados en **vogal tónica** ou nas consoantes **-l, -r, -s, -z** engaden **-a**: *avoa, núa, crúa, rapaza, pintora*
 - 3 – os rematados en **-ou** mudan a **-úa**: *grou/grúa*.
 - 4 – os rematados en **-eu** mudan a **-ía**: *xudeu/xudía, sandeu/sandía*.
 - 5 – os rematados en **-ún** fano en **-úa**: *cabrúa, vacúa...* (excepto *euscalduna*)
 - 6 – os rematados en **-án** presentan dúas solucións:
 - **-á**: *cotiá, aldeá, vilá, compostelá, arousá, sa, curmá, musulmá*
 - **-ana** (despectivos ou pexorativos): *folgazana, mentirana, testana* (agás *nugallán/nugallá*)

7 - os rematados en **-ón** presentan dúas solucións:

- **-oa**: *leoa, patroa, ladroa (ladra) anfitrioa, campioa...*
- **-ona** (pexorativos e aumentativos): *abusona, faltona, mullerona...*

③ • Mediante distintos sufixos: *heroína, raíña, galiña, baronesa, abadesa, sacerdotisa, actriz, tsarina...*

④ • Os substantivos con **sincretismo formal** non teñen flexión, indican o xénero mediante determinantes determinante: *o/a xornalista, o/a cónxuxe, esta/este hóspede.*

A **oposición de xénero** pode establecer outras diferenzas no significado dos substantivos:

- **Diferenza individual/colectivo**: *ovo/ova, gran/gra, madeiro/madeira, froito/froita...*
- **Diferenza de tamaño, forma ou capacidade ou función**:

<i>agro/agra</i>	<i>gorro/gorra</i>	<i>pozo/poza</i>
<i>bolso/bolsa</i>	<i>horto/horta</i>	<i>prato/prata</i>
<i>burato/burata</i>	<i>leiro/leira</i>	<i>río/ría</i>
<i>caldeiro/caldeira</i>	<i>os lentes/as lentes</i>	<i>sacho/sacha</i>
<i>cancelo/cancela</i>	<i>machado/machada</i>	<i>saco/saca</i>
<i>cesto/cesta</i>	<i>manto/manta</i>	<i>xerro/xerra</i>
<i>coitelo/coitela</i>	<i>pipo/pipa</i>	<i>tixola/tixolo</i>
<i>cubo/cuba</i>	<i>portelo/portela</i>	<i>zoco/zoca</i>

Substantivos de xénero invariable

Son masculinos:

<i>alicates</i>	<i>dote</i>	<i>leite</i>	<i>queixume</i>
<i>anteface</i>	<i>fel</i>	<i>lume</i>	<i>raizame</i>
<i>betume</i>	<i>friame</i>	<i>masacre</i>	<i>sangue</i>
<i>candor</i>	<i>gume</i>	<i>mel</i>	<i>sinal</i>
<i>cárcere</i>	<i>labor</i>	<i>milagre</i>	<i>testemuño</i>
<i>cheirume</i>	<i>labor</i>	<i>milagre</i>	<i>trauma</i>
<i>couce</i>	<i>lecer</i>	<i>nariz</i>	<i>ubre</i>
<i>cume</i>	<i>lecer</i>	<i>nariz</i>	
<i>diadema</i>	<i>legume</i>	<i>pesadume</i>	

Os nomes das letras e dígrafos: *o e, o te, un eme...*

Os rematados en **-ume**, agás *a servidume, a mansedume*.

Son femininos:

<i>árbore</i>	<i>cute</i>	<i>humedén</i>	<i>sebe</i>
<i>armazón</i>	<i>dolor-dor</i>	<i>libido</i>	<i>sentinela</i>
<i>arte</i>	<i>encarga</i>	<i>mansedume</i>	<i>servidume</i>
<i>asma</i>	<i>estrea</i>	<i>orde</i>	<i>síndrome</i>
<i>bile</i>	<i>feces</i>	<i>pantasma</i>	<i>suor</i>
<i>calor</i>	<i>flegma</i>	<i>ponte</i>	<i>testemuña</i>
<i>canle</i>	<i>fraude</i>	<i>reuma</i>	<i>tribo</i>
<i>color-cor</i>	<i>fronte</i>	<i>roibén</i>	

Os rematados en **-se** e en **-ite**: *análise, crise, dose, eclipse, paréntese, hipnose, apendicite, hepatite, larinxite...*

Os rematados en **-axe**: *paisaxe, viaxe, peaxe, aldraxe...*, a non ser o *garaxe, o traxe, o paxe; o/a personaxe*.

O **nome das árbores froiteiras** adoita manter o xénero da froita que producen:

- Son femininas: *abelá-abeleira, ameixa-ameixeira, cereixa-cerdeira/cereixeira, laranxa-laranxeira, mazá-maceira, noz-nogueira, oliva-oliveira*; pero *castaña- castiñeiro, mandarina-mandarino*.
- Son masculinas: *limón-limoeiro, marmelo-marmeleiro, pexego-pexegueiro...*; pero *arando-arandeira, figo-figueira*.

Inclúense nos substantivos de xénero invariables os **substantivos epícenos**, que precisan da palabra *macho- femia* para aclarar o xénero: o *paspallás macho/ femia, a formiga macho/femia*.

Os **substantivos homónimos** teñen distinto significado segundo leven determinantes masculinos ou femininos:

A fin /o fin; a cólera/ o cólera; a editorial/ o editorial.

O número. Formación do plural

Categoría que indica a oposición singular/plural.

Formación do plural.

Existen tres morfemas flexivos de plural: **-s, -es, -is**.

- Engaden **-s**:

- os rematados en vogal: *cafés, somalís, iraquís, zulús, tabús; custos, artes; xerseis, leis, reis, bocois*;
- os rematados en **-n**: *feixóns, lacazáns, canóns; dolmens, mitins, canons*;
- os máis dos estranxeirismos e cultismos: *clubs, pubs, tics, anoraks, icebergs, álbums, sláloms, tótems, jeeps, hándicaps, boicots, complots, robots, sprints, tests*.

- Engaden **-es**:

- as palabras rematadas en **-r** ou **-z** e as **agudas rematadas en -s**: *noces, raíces; cores, fémures; dólares; reveses*
- algúns estranxeirismos: *pósteres* ou *pósters, gánsteres* ou *gánsters*;
- as palabras monosílabas ou graves rematadas en **-l**: *fáciles, útiles, réptiles, mísiles meles, coles, riles, moles, vales*;
- os compostos, se o segundo elemento é monosílabo acabado en **-l**: *ollomoles, chuchameles, parasoles*.

caracol e aerosol non son palabras compostas: os plurais son *caracois e aerosois*

- Engaden **-is**:

- as palabras rematadas en **-l** agudas cambian o **-l** por **-is**: *funís, infantís, cadrís, civís; avais, papeis, fieis, crueis, controis, azuis, baúis, caracois, aerosois*
- as acabadas en **-bel (-ble)**: *amábeis, solúbeis, variábeis (amables, solubles, variables)*.
- *cruel, fiel e truel* son bisílabas, sendo os seus plurais *crueis, fieis, trueis*.

As palabras graves ou esdrúxulas rematadas en **-s** e en **-ns** e as rematadas en **-x** non mudan a forma, senón que indican o número con determinantes: *o(s) lapis, mércores, bíceps, tórax, clímax, fax*.

Formación do plural nas palabras compostas:

- dous elementos unidos ou separados por guión fan o plural do segundo elemento: *abrelatas, chuchameles, baixorrelevos, galego-falantes*.
- dous elementos separados formados por substantivo + adxectivo (ou viceversa) fan o plural dos dous: *gardas civís, chaves inglesas*.
- dous elementos separados formados por substantivo (de) + substantivo fan o plural do primeiro elemento: *arcos da vella, pitas do monte, coches cama, cuartos de baño*.

Nalgúns casos, a oposición de número implica un cambio de significado: *miolo/ miolos; valor/ valores; o aire/ os aires; o fume/ os fumes, a esposa/ as esposas*.

Algúns substantivos son invariables tocante ao número:

- só forma singular (*singularia tantum*): *concordia, xeo, plebe, diñeiro*.
- só plural (*pluralia tantum*): *lentes, nupcias, cartos, parabéns, víveres, cóxegas, maniotas, tenaces, tebras, espaguetes, ouriños...*

GRAOS DO ADXECTIVO

Diferénciase tres graos do adxectivo:

1. Grao positivo. Expresa a calidade sen comparala con outro elemento nin intensificala: *un peixe fresco*.

2. Grao comparativo. As calidades están en relación con outro elemento. A comparación pode ser de **superioridade**, de **igualdade** e de **inferioridade**.

As estruturas comparativas constan de dous termos:

- **Primeiro termo**, formado polos adverbios **máis**, **tan**, **menos** e un adxectivo ou un substantivo.
- **Segundo termo**, cunha conxunción comparativa seguida do elemento co que se establece a comparación.

3. Grao superlativo. A calidade indícase no grao máis elevado. Hai dous tipos:

3.1. Superlativo absoluto. Indica unha calidade en grao máximo sen establecer comparación.

Pódese crear de dous xeitos:

- **Superlativo sintético.** Fórmase cos sufixos:
 - **ísimo**: *altísimo*, *grandísimo*; ás veces engadido raíz culta da palabra: *antiquísimo*, *fidelísimo*, *nobilísimo*.
 - **bilísimo** cos adxectivos en *-ble/-bel*: *amabilísimo*, *estabilísimo*.
 - **érrimo** úsase en rexistros cultos, engadido ao lexema culto: *celebérrimo*, *libérrimo*, *misérrimo*, *paupérrimo*, *pulquérrimo*, *acérrimo*.
 - Algúns fórmanse engadindo prefixos: *extrafino*, *hipercrítico*, *arquifamoso*, *ultrafino*.
- **Superlativo analítico.** Fórmase:
 - cos adverbios *moi*, *bastante*, *ben*, *abondo*: *moi nugallá*, *ben bonito*, *malo abondo*.
 - mediante a repetición do adxectivo: *é lista lista*.

3.2. Superlativo relativo. Indica unha calidade en grao máximo en relación cos demais: *a miña avoa é a máis agarimosa*

Algúns adxectivos amosan formas diferentes para cada grao.

positivo	comparativo	superlativo
<i>bo</i>	<i>mellor</i>	<i>óptimo</i>
<i>malo</i>	<i>peor</i>	<i>pésimo</i>
<i>grande</i>	<i>maior/meirande</i>	<i>máximo</i>
<i>pequeno</i>	<i>menor</i>	<i>mínimo</i>
<i>alto</i>	<i>superior</i>	<i>supremo</i>
<i>baixo</i>	<i>inferior</i>	<i>ínfimo</i>

(*meirande* significa “máis grande”, non “máis vello, de máis idade”)

Observación: as formas apocopadas **san** e **gran** empréganse ante consoante: *san Cibrán* (agás *Santo Cristo*), *gran traballo*; **santo** e **grande** (formas plenas) empréganse ante vogal: *santo Antón*, *grande actuación*.

USO DAS CONXUNCIÓNS COMPARATIVAS

Nas comparativas de igualdade:

- **como:** é de uso obrigado cando o segundo termo é un verbo conxugado: *é tan culto como pensaba.*
- **coma:** é de uso obrigado cando o segundo elemento é un pronome persoal tónico: *é tan bo coma vós/min.*

O uso da conxunción **coma** é especialmente recomendable cando o segundo termo é:

- unha oración subordinada condicional: *bebe cervexa coma se fose auga.*
- unha oración subordinada temporal: *corre coma cando era novo.*
- unha oración subordinada de relativo: *é coma quen non o ten.*

Cando o segundo termo non é un pronome persoal nin un verbo conxugado, pódese empregar **coma** ou **como**, con preferencia para **coma**. *É tan culto coma/como Lois; é tan bo coma/como estes.*

Nas comparativas de superioridade e de inferioridade:

- **ca:** empregase obrigatoriamente cando o segundo termo é un pronome persoal tónico: *é mais/menos traballador ca nós.*
- **do que:** é obrigado cando o segundo termo é un verbo conxugado: *fala máis/ menos do que pensa; é mellor/peor do que parece.*

Cando o segundo termo non é un pronome persoal nin un verbo conxugado, pódese empregar indistintamente **ca** ou **que**, con preferencia para **ca**: *fala igual ca/que Diana, canta máis ca/que os paxaros; mellor rir ca/ que chorar.*

Particularidades:

- **como non pode ser substituído por coma** cando non é unha conxunción comparativa, senón un **adverbio** (de modo, relativo, interrogativo ou exclamativo), unha conxunción (causal ou condicional) ou unha preposición. Exemplos:
 - *viu como o levaban preso* (adv. Modo “a maneira”).
 - *Lembro a maneira como sorría* (adv. Relativo).
 - *como estás? Non entendo como puido pasar* (adv. Interrogativo).
 - *como estrañamos a normalidade!* (adv. Exclamativo).
 - *como non estudei, suspendín* (conxunción causa. “porque non estudei...”).
 - *como chova, non vou* (conxunción condicional. “se chove...”)
 - *tomou posesión como directora* (preposición “de”, “en calidade de”)
- **ca** pode escribirse contraído co artigo ou non: *fala máis ca a amiga* ou *fala máis cá amiga,*
- **ca** nunca contrae coa preposición **a**: *deulle máis caramelos a ela ca a* (preposición) *Lois.*
- **Ca** tampouco contrae coa preposición **a**, cando esta xa está contraída co artigo: *trátate mellor a ti ca ás amigas* (ás é contracción da preposición **a** e do artigo **as**)

OS PRONOMES PERSOAIS

Sintacticamente, realizan funcións propias do substantivo. Poden substituír substantivos, frases ou cláusulas. Semanticamente, achegan un significado relacional ou referencial, designando os participantes no discurso: emisor, receptor e obxecto do discurso.

Formas tónicas

- p1: eu, min, comigo p4: nós, nosoutros(as), connosco
- p2: ti, contigo p5: vós, vosoutros(as), convosco
- p3 e 6: el(es), ela(s); si, consigo cortesía: vostede(s)

Particularidades dos pronomes persoais tónicos:

1. O pronome **min** emprégase despois de preposición e das conxuncións comparativas ca e coma: *é máis alto ca min, é tan alta coma min*; nunca: *máis alto *que eu, tan alta *coma eu*.
2. Na comparación é obrigado usar as conxuncións ca e coma ante pronomes persoais: *máis listo ca el, tan traballador coma ela*; nunca: **que el, *como ela*.
3. O pronome **el** non leva acento: *el non está aquí, é para el*.
Pode ter uns usos especiais:
 - reforzo de interrogativo: *e el que lle pasou ao gato?*;
 - suxeito de verbos impersoais ou unipersoais: *el hai moito que pasou iso*;
 - reforzo da narración: *el era unha muller que viña dunha feira...*
4. A forma **si** das p3 e p6 é **reflexiva**. Reparede na diferenza: *mercouno para el* (para outro ou para si mesmo) / *mercouno para si* (para si mesmo).
5. **El(es)** e **ela(s)** contraen coas preposicións **en** e **de**: *sentiu a man dela na meixela, unha casa fermosa: gustaríame vivir nela, non depende del*.
6. As formas tónicas **nós** e **vós** levan acento diacrítico para diferencialas das formas átonas: *vós non vos queredes decatar, nós non nos preocupamos por vós*. As tónicas aparecen como suxeito, logo de preposición e na comparación.
7. **Nosoutros(as)** e **vosoutros(as)** son **plurais excluíntes** que concorren con **vós** e **nós**. Refírense a un grupo pechado e ben delimitado: *nosoutros somos catro e vosoutros sodes tres; somos todos do mesmo concello, pero nosoutros somos de Lira*.
8. Nas formas ligadas coa preposición **con**:
 - **comigo** perde o -n-: *vén comigo; eu non vou contigo nin convosco*;
 - **consigo** é reflexiva: *levou a familia consigo*;
 - **connosco** e **convosco** son preferibles a **con nós** e **con vós** (tal vez, calco do castelán estas últimas): *imos convosco, quedan connosco outra semana*.
9. **Vostede(s)** leva o verbo en 3ª persoa: *pasen vostedes, preguntou vostede por min?* Cómpre evitar a forma vulgar procedente do castelán **usté*.
10. O pronome arcaico **elo** desapareceu do galego e xa non se recolle na RAG. Porén, é frecuente usalo desaxeitadamente ao facer unha tradución literal do castelán. Debemos empregar as formas neutras do demostrativo: *non fas nada con iso, aquilo non era a causa*, e nunca *non fas nada con *elo, *elo non é a causa*.

En galego, **elo** existe como substantivo para dar nome a cada un dos aros que forman unha cadea.

Formas átonas

- p1 **me**: *lavoume* (CD), *lavoume a roupa* (CI), *lávome* (reflexivo)
- p4 **nos**: *lavounos* (CD), *lavounos a roupa* (CI), *lavámonos* (reflexivo)
- p2 **te**: *laveite* (CD), *lávaste* (reflexivo) / **che**: *laveiche a roupa* (CI)
- p5 **vos**: *lavouvos* (CD), *lavouvos a roupa* (CI), *lavádesvos* (reflexivo)
- p3 e 6 **o(s), a(s) / -lo(s), -la(s) / -no(s), -na(s)** (sempre CD): *lávoo (s) lava-lo(s), lávalo(s), lavouna(s)*
lle(s) (CI): *lavoulle(s) a roupa*
se (reflexivo): *lavouse, laváronse*

Particularidades dos pronomes persoais átonos:

1. **Te** ten función de CD; **che**, de CI. Hai dúas formas de resolver dúbidas sobre o seu uso:
 - facer un paralelismo coa p3ª; así, se a el *vino*, a ti *vinde*; pero se a el *vinlle as intencións*, a ti *vinche as intencións*.
 - pasar a oración a pasiva: *eu vinde* (CD) porque *ti* (suxeito paciente) *fuches visto*.
2. As variantes alomórficas das p3 e p6:
 - **-lo(s), -la(s)** empréganse tralas formas verbais rematadas en **-r** ou **-l**: *lava-lo, lávalo*; e tralo interrogativo **u**: *o xabón, ulo?*
 - **-no(s), -na(s)** úsase tralas formas verbais rematadas en ditongo: *lavouno, laveinas*.
 Reparede na diferenza: *laváronnos* (*lavaron os rapaces*, con pronome **os**) fronte a *laváronnos* (*laváronnos a nós*, con pronome **nos**)
3. **Lle(s)** perdeu nunha boa parte de Galicia a forma plural **lles**. O galego estándar diferencia **lle/lles** por ser unha forma moi rendible e por mor da concorrencia entre pronomes: *merqueille a roupa: merqueilla; pero merqueilles a roupa: merquéillela*.
4. Concorrencia dos pronomes de CD e CI. Prodúcese unha amálgama entre ambos: *Tráouxomas, contóullelo, dígovolo, non nolo dá...*

Dativo de solidariedade

Emprégase para implicar o(s) interlocutor(es) no enunciado, procurando a súa complicitade ou empatía.

Ten as formas **che, vos** para tratamento de ti, e **lle e lles** para o tratamento de cortesía: *estache bo día; iso non vos é así; Élle ben certo o que di!; vailles moito frío este inverno; vaiche boa!*

Non desempeña unha función sintáctica, pero ten un valor estilístico. A diferenza do CI, a súa eliminación non provoca a agramaticalidade da cláusula e non pode reforzarse coa preposición **a** (*a el haille que dar as grazas/ *a el haille moito que traballar*).

Poden aparecer dúas formas do dativo de solidariedade no mesmo enunciado, pero unha delas ten que ser **che**: *échevos moi bo; non che lle sei dicir*.

Tamén pode aparecer con CI: *A min gústacheme moito o pan*.

Cando concorre con outros pronomes, o de solidariedade ocupa a primeira posición se é singular (*lavóucheno*lo, non *che* nolo lavou, *tróuxochelle* isto) e vai despois deles se é plural (*Tróuxollevos* un agasallo ao neno e a min regalóumevos flores).

Dativo de interese

Emprégase para indicar a persoa que ten especial interese na acción verbal ou resulta afectada por ela.

Presenta as formas átonas *me*, *che*, *lle*, *nos*, *vos*, *lles*: *o fillo saíume* moi traballador; non *me* sexas trapalleiro; o teu non *che* fai nada; O seu home *élle* moi bo; o voso *évós* mellor; non *lles* viven os país.

Pode aparecer co dativo de solidariedade: *o meu fillo non che me aproba* unha

Tamén pode concorrer co CI ou con ambos os dous: *mercóuchemelle* un lapis vermello.

As formas reflexivas e pronominais

A reflexividade é unha característica semántica que ocorre cando o pronome e o suxeito teñen o mesmo referente (*peitéome*, *lavácheste*, *lavouse*, *bicámonos*, *querédesvos*, *saudáronse*).

Usos das formas reflexivas

- Poden aparecer con calquera verbo transitivo, con función de CD: *aliméntome* ben. *Érgueste* cedo, *considerámonos* bos...
- Non se usan cos verbos intransitivos (son castelanismos que cómpre rexeitar), a non ser cos verbos *estar* e *ir*: *estase estragando*, *foise da casa*). Neste caso só ten un valor enfático.

Usos das formas pronominais

- Compoñentes inseparables dos verbos pronominais: *atreverse*, *espreguizarse*, *inmutarse*, *suicidarse*...
- Neste caso non teñen función sintáctica, senón valor de morfema ou marca de verbo pronominal: *quéixaste* moito, *arrepentídesvos*, *fugouse*...

morreu moi nova / **morreuse* moi nova

acouga / **acóugate*

adormeceu / **adormeceuse*

marchou da casa / **marchouse da casa*

calade / **caládevos*

caeu no baño / **caeuse no baño*

senta na cadeira / **séntate na cadeira*

o leite acedou / **acedouse*

as rosas murcharon / **murcháronse espertei cedo* / **esperteime cedo*

baixamos as escaleiras / **baixámonos*

subimos as escaleiras / **subímonos casan no verán* / **cásanse no verán Henrique e*

Irene casaron / **casáronse*

- **Non pode usarse un reflexivo** cando hai outro CD expreso na oración:
 - cando a acción se exerce só sobre unha parte do suxeito:
 - lavei as mans* / **laveime as mans*;
 - mancou unha perna* / **mancouse unha perna* (si *mancouse nunha perna*)

- en oracións con valor causativo ou ponderativo (indícase o beneficiario ou interesado dunha acción)
*fixo un traxe / *fíxose un traxe leva un libro / *lévate un libro*
*comeu un bisté / *comeuse un bisté; comeuno / *coméuso, *coméuseo;*
*comprou unha moto / *comprouse unha moto, *comprousa, *compróusea.*
- Nalgúns verbos, admitir ou non a forma reflexiva implica diferenza de significado:
matar/matarse, afogar/afogarse, esganar/esganarse, parecer/parecerse,
levar/levarse, dar/darse, ocorrer/ocorrerse...

Funcións e valores do pronome se:

O pronome se ten as seguintes **funcións sintácticas**:

- CD en construcións reflexivas (coincide o referente do SUX e do CD): *el peitése*
- CD en construcións recíprocas: *Antía e Xilberto saudárose*
- CI en construcións recíprocas: *enviáronse presentes, danse bicos*

Non ten función sintáctica senón un valor especial nestes casos:

- Marca de verbo pronominal, pois son inseparables e forma con el o núcleo do predicado: *atreveuse, quéixase, confésase*.
- Marca de oracións impersonais. Oracións sen suxeito, con verbo en voz activa intransitivo ou copulativo e inmovilizado en 3ª persoa do singular + pronome se: *falouse de máis; vívese moi ben así; estase de marabilla*.
- Marca de pasiva reflexa. Oracións con suxeito paciente que concorda cun verbo transitivo en voz activa en terceira persoa de singular ou de plural + pronome se: *véndese casa /véndense casas*.

Nalgúns casos hai ambigüidade, pois a pasiva reflexa ten un valor de impersonal, especialmente nas oracións con verbo **en singular**: *entrégase o correo a domicilio*. Oracións como *rematouse a tempo*, podemos analízalas como pasivas reflexas se nos referimos a algo concreto (a terefa) ou como impersonal se nos referimos a un xeito xeral de rematar.

Débese ter en conta que, amais de pronome, **SE tamén pode ser**:

- conxunción condicional: *se queres, vou contigo*;
- conxunción subordinante substantiva: *pregunto se queres vir, non sei se virá*
- conxunción concesiva: *se non me acompaña, polo menos díxenllo*;
- formante de diversas locucións:

loc. conx.: *chámoa, por se me quere acompañar*;

loc. adverbial de dúbida: *se cadra/se callar acompañame*.

Colocación dos pronomes átonos

Como regra xeral, aparece **posposto ao verbo** (enclítico) nas oracións simples, na principal dunha subordinada e nas coordinadas (comportanse coma simples, excepto as disxuntivas: *o tomas ou o deixas*): *véxote feliz; díme que me queres, cheguei e deille a cea*.

Anteposto ao verbo (proclítico)

O pronome átono nunca vai en posición inicial absoluta (**me dixó que iría comigo*)

Determinados elementos (indefinidos, adverbios) e circunstancias coma a entoación ou a negación, poden provocar a **próclise do pronome**:

1. En enunciados negativos: *non/nunca te atreves; ningún mo dixó*.
2. Nas oracións interrogativas e exclamativas introducidas por pronomes ou adverbios interrogativos e exclamativos: *quen a levou? como o coñeces!*
3. En xeral, nas oracións subordinadas: *se che gusta, dílo; prefiro que o teñas ti; cando vos vin non vos recoñecía*. Pero hai excepcións:
 - se a subordinada aparece afastada da principal: *díxome que, se lle compraba unha gravata bonita, poñeríaa / díxome que a poñerías*
 - nas subordinadas consecutivas introducida por pois: *vai frío, pois abrígate*.

4. En oracións desiderativas encabezadas polo suxeito: [*Oxalá que*] *Deus cho pague!*
5. Con algúns adverbios: *xa se presentou; mesmo vos alporizades; aínda lle chegou hoxe; axiña cho devolvo; aquí cho deixo; igual te chamo hoxe; seica o coñece; disque morreu; só o sabe ela, velaquí está; ben me gusta.*
 - pero non con outros: *hoxe fareino, onte atopeina...*;
 - con algúns adverbios, a colocación do pronome depende do significado: *así che é* ("desa maneira") / *así éche máis fácil* ("a maneira indicada") *logo se foi* ("axiña") / *logo foise* ("máis tarde")

os adverbios en -mente provocan a próclise cando van integrados no predicado, pero non cando funcionan como un inciso: probablemente te equivoques/ definitivamente, equivocáste.
6. Con algúns indefinidos: *algo lle dixo; todos llo negan; calquera o sabe; abondo te avisei; nada se sabe*
7. En enunciados con entoación enfática, pode aparecer antes do verbo: *cen veces cho dixen!*

Colocación do pronome átono cos grupos verbais:

Nos grupos verbais con infinitivo ou xerundio o pronome pode ir co verbo principal na posición que lle corresponda segundo as regras ou pode ir enclítico ao infinitivo ou o xerundio:

quéroo ver; quero velo
non o quero ver; non quero velo pódelo
coller; podes collelo
non o podes coller; non podes collelo

O mesmo sucede nas perífrases sen nexo:

estao facendo; está facéndoo
non o está facendo; non está facéndoo

Nas perífrases con nexo (preposición ou conxunción) pode adoptar tres posicións, pois tamén pode colocarse entre o nexo e o infinitivo:

haste de lavar, has de lavarte, has de te lavar,
non te has de lavar, non has de lavarte, non has de te lavar;
teste que lavar, tes que lavarte, tes que te lavar,
non te tes que lavar, non tes que lavarte, non tes que te lavar
 nas perífrases verbais de infinitivo que teñen como nexo a preposición a, o pronome nunca pode

Nas perífrases verbais de infinitivo que teñen como nexo a preposición a, o pronome nunca pode colocarse entre a preposición e o infinitivo: *empezouno a facer, empezou a facelo, *empezou a o facer.*

Casos en que o pronome admite as dúas colocacións:

- Precedido do adverbio mesmo: *Mesmo lle digo/ dígolle que non.*
- Nas subordinadas adverbiais causais: *mandeino deitar porque o vin/ vino canso. Como me bota/ bótame de menos, chameina.*
- Subordinadas adverbiais de finalidade: *veu para arranxalo/o arranxar.*

- Subordinadas adverbiais consecutivas: *vai fríó, así que o abriguei/ abrigueino.*

OS PRONOMES RELATIVOS

Os pronomes relativos fan referencia a un elemento anterior do discurso, que pode aparecer explícito ou non, chamado **antecedente**.

Actúan coma nexos na oración subordinada de relativo e desempeñan nela as funcións sintácticas propias do substantivo: suxeito, CD, CI, etc.

Formas e usos:

Que. Introduce oracións de relativo, que poden ser:

- Explicativas. Van entre pausas e non restrinxen o significado do substantivo:
*O alumnado, **que** aprobou, debe matricularse hoxe.*
- Especificativas. Non van entre pausas e restrinxen o significado do substantivo:
*O alumnado **que** aprobou debe matricularse hoxe.*

Quen. Non ten forma plural (**quenes*):

- *saben ***quenes** viñeron: saben quen veu ou os que viñeron*
- *son eles ***quenes** máis se benefician: son eles os que máis se benefician.*

Non pode levar o verbo en plural, agás o verbo *ser*:

- *descubrimos ***quen** falaron ou ***quenes** falaron.*
- *descubrimos quen falou ou os que falaron.*

Pero co verbo *ser* en plural:

- *sei quen é o que falou - sei quen son os que falaron.*

Aparece en expresións e frases feitas:

- *ser quen a/de: "ser capaz de/a": non é quen de facelo*
- *(de) coma quen, de quen que: "de mentira": eses libros son de coma quen.*
- *facer coma quen que: "finxir, aparentar": fai coma quen non oe.*

Cal. Forma variable que vai precedida de artigo.

Trouxolle un gato, o cal é negro.

Canto. Úsase sobre todo como correlato de *todo* e *canto*: *todo canto sei é pouco.*

Cuxo (**cuio* é castelanismo). É un arcaísmo desaparecido da fala actual, que recuperamos sobre todo para a linguaxe administrativa: *a sentenza, cuxa publicación aínda se demorará, vai ser favorable aos seus intereses.*

Onde, cando, como. Son relativos adverbiais que desempeñan a función de CC na oración subordinada.

Recordo o tempo cando era nena; vive na rúa onde che dixer; gústame o xeito como fas.

INTERROGATIVOS E EXCLAMATIVOS

As súas formas coinciden coas dos relativos

Os pronomes interrogativos, a diferenza dos anteriores, non se refiren a un antecedente senón a un consecuente e poden iniciar unha oración simple.

Os exclamativos, formalmente iguais aos interrogativos, carecen de antecedente e consecuente, e achegan un valor ponderativo.

Os interrogativos e exclamativos **non levan acento**: *Quen mo dera! Canto che custou?*

Nas oracións interrogativas indirectas tampouco levan acento a non ser que poidan resultar ambiguas:

dime qué me queres (que queres?)/ dime que me queres (quéresme?)

Os pronomes e os adverbios interrogativos **introducen oracións interrogativas parciais**, caracterizadas por pedir información sobre ese aspecto concreto ao que se refire o interrogativo: *que comes? como se chama? quen chegou? onde está?*

Pola contra, non aparecen nas **oracións interrogativas totais**, aquelas que preguntan polo contido xeral de todo o enunciado e teñen unha **resposta de "si" ou "non"**: *viches esa película?; estás contento?*

O ARTIGO

O artigo precede sempre o substantivo (ou a outra palabra ou sintagma substantivado), posúe valor actualizador e pode concorrer co posesivo.

Formas e usos do artigo determinado: *o(s), a(s)*

A variante alomórfica *lo(s) la(s)* é de uso obrigado:

- coa preposición *por*: *vai pola beira, tolea polos mexillóns*;
- co adverbio interrogativo *u*: *u-la biblioteca, u-las mozas?*

Neste caso empregamos guión cunha función diacrítica para diferenciar:

- *u-los mozos?* (*-los* é artigo)
- *os mozos, u-los?* (*los* é pronome)

No resto dos casos, o emprego do alomorfo *lo(s) la(s)* é *optativo*, se ben a RAG na súa escolla escrita opta por non representalo, polo que esta debe ser a forma máis recomendable.

Contexto	Primeira forma	Segunda forma	
Verbo persoal -s / -r + artigo	<i>Ver o mar. Fixemos a torta.</i>	<i>Ve-lo mar. Fixémo-la torta.</i>	con trazo
nos/vos/lles + artigo	<i>Deunos os cartos. Díxovos a verdade. Tróuxolles o pan.</i>	<i>Déuno-los cartos. Díxovo-la verdade. Tróuxolle-lo pan.</i>	
nós / vós + artigo	<i>Nós os tres. Vós os catro.</i>	<i>Nó-los tres. Vó-los catro.</i>	
ambos / todos / tras + artigo	<i>Ambas as nenas fóronse. Soña todos os días. Escondeuse tras a fiestra.</i>	<i>Ámbalas nenas fóronse. Soña tódolos días. Escondeuse trala fiestra.</i>	sen trazo
(e) mais + artigo	<i>Viaxaron el (e) mais o fillo.</i>	<i>Viaxaron el (e) mailo fillo.</i>	

❶ Na oralidade, a pronuncia obrigada é utilizando a segunda forma do artigo.

Contraccións coas preposicións *con, de, en, a*:

- *co(s), coa(s); do(s), da(s); no(s), na(s); ao(s)* ou *ó(s), á(s)*

Nunca se debe empregar **ca* en lugar de *coa*, xa que unicamente é conxunción comparativa.

- *ao(s)* ou *ó(s)*: *deullo ao veciño, vai ao porto.*
A tendencia actual é escribir *ao*, pero a pronuncia é sempre dun *o* aberto.
- *á(s)*: *deullo á veciña, vai á praia.*

Coa conxunción comparativa *ca* podemos ou non representar a contracción:

- *fala máis ca a veciña* ou *fala máis cá veciña*
- *corre máis ca os amigos* ou *corre máis cós amigos*

Pero a contracción nunca se poderá facer de seguir preposición (ou contracción da preposición): *quérelle máis ca a María, quérelle máis ca aos pais.* (Ver conxuncións comparativas).

❶ Se optamos por non representar na escrita a segunda forma do artigo tampouco deberemos escoller as grafías *ó(s), á(s)* nin *có(s), cá(s)*.

Tamén existe *el* (forma arcaica e de uso exclusivamente literario), usada como fórmula de respecto unicamente ante *rei* e *señor*: *el-rei*, *el-señor*.

A presenza do artigo é obrigatoria:

- cos indefinidos **todos**: *todos os días* ou *tódolos días*,
 - **ambos** seguido do numeral: *ambos os dous* ou *ámbalas dúas*,
 - **entrambos**: *fixérono entrambos os veciños* ou *entrámbolos veciños*.

Pero a pronuncia debe ser a segunda.

- cos posesivos case sempre (ver posesivos): *a miña casa*, *a túa sogra*,
(a) miña nai, *(o) meu pai*.
- con moitas locucións adverbiais (ver adverbio):

<i>á fin</i>	<i>á toa</i>	<i>ao pé</i>	<i>ás atoutiñadas</i>	<i>ás veces</i>
<i>á mantenta</i>	<i>ao cabo</i>	<i>ao pouco</i>	<i>ás carreiras</i>	<i>aos poucos</i>
<i>á marxe</i>	<i>ao chou</i>	<i>ao xeito</i>	<i>ás escuras</i>	<i>aos tombos</i>
<i>á parte</i>	<i>ao lado</i>	<i>ás apalpadas</i>	<i>ás présas</i>	<i>ás carreiras...</i>

O artigo indeterminado (sitúa o nome vagamente nunha clase): **un(s)**, **unha(s)**.

Contrae coas preposicións *con*, *de*, *en*:

- **cun(s)**, **cunha(s)**; **dun(s)**, **dunha(s)**; **nun(s)**, **nunha(s)**

① **un** pode ser indefinido ou numeral; o numeral non contrae coa preposición:

- cun coche chegas axiña, pero con un coche só apañámonos ben.

OS POSESIVOS

Achegan significados de posesión ou pertenza referidas á persoa.

Formas

Un posuidor: **meu(s)**, **miña(s)**; **teu(s)**, **túa(s)**; **seu(s)**, **súa(s)**.

Varios posuidores: **noso(s)**, **nosa(s)**; **voso(s)**, **vosa(s)**; **seu(s)**, **súa(s)**.

As formas de respecto **mi**, **tu**, **su**, **noso/a**, **voso/a** só se usan acompañando os substantivos *padre*, *madre*, *tío*, *señor* e *amo*. Só poden usarse en plural con *padres*.

Uso do artigo co posesivo

A norma xeral indica o **uso obrigado** do artigo antes do posesivo: *o meu can pillou unha mosca*. Esta regra ten as seguintes excepcións:

- **Con vocativos** non se utiliza artigo: *ven acá, meu fillo!*
- **Con exclamativos**: *meu pobre! miña nai querida!*
- **Cando o posesivo integra unha fórmula de tratamento**: *súa Excelencia o embaixador, Súa Maxestade a Raíña*.
- **Cando o posesivo integra unha expresión de carácter relixioso**: *Noso Señor Xesucristo, Nosa Virxe da Barca*.
- **En certas expresións ou frases feitas**: *meu dito, meu feito; miña casiña, meu lar*.
- **Cando o posesivo vai precedido de demostrativo**: *este meu amigo é moi humilde*
- O uso do artigo é **opcional cos nomes de parentesco**, sen diferenza no significado pola súa presenza ou ausencia: *meu irmán / o meu irmán*. A súa presenza aumenta conforme se distancia o parentesco, sobre todo se é descendente: *(o) meu pai non está* (adoita non levar artigo), pero *os meus sobriños non están* (é de uso normal, con artigo)

Valores especiais dos posesivos

As formas **de meu**, **de teu**, **de seu**, **de noso**, **de voso**, **de seu** usámolas con tres posibles valores ou significados:

- **propiedade exclusiva**: *temos moto de noso;*
- algo que forma parte da **propia natureza**: *sempre foi enxeñoso de seu;*
- algo que sucede **por si mesmo**: *o cadro caeu de seu.*

As formas **cadanseu(s)** e **cadansúa(s)** teñen valor **distributivo** (distribúen, equitativamente, igual número de obxectos entre varios posuidores):

*teñen cadanseu teléfono, comían cadansúa mazá,
comían cadansúas (varias cada un) mazás.*

Non confundir con cadaquén, cada un.

Na nosa fala, escoitamos as variantes **cadenseu* e mesmo **quedenseu*.

A forma feminina do posesivo precedida de preposición é equivalente a preposición mais de mais pronome persoal:

dianta de ti vai o can: dianta túa vai o can.

Outros usos especiais:

- **os meus, os teus...**

- para referirse á familia: *os meus foron ao balneario.*
- valor aproximativo: *Terá os seus 50 anos.*
- **o meu, o teu, o seu** para referirse a:
 - no que se está capacitado: *o meu é a música, o teu o deporte;*
 - algo no que se ten interese especial: *cada un anda ao seu;*
 - o punto óptimo: *volver ao seu, non está no seu.*
 - o que nos correspondía: *nós xa fixemos o noso;*
 - abondo, suficiente: *choveu o seu, bebiches o teu.*
- **as miñas, as túas, as súas** para referirse a
 - cousas propias dunha persoa: *xa anda facendo das súas.*
 - penalidades, traballos: *xa pasei as miñas.*
- **meu** pode ter un valor de apelativo cariñoso para unha persoa de confianza:
Ola, meu, imos dar unha volta?
- **posesivo de familiaridade** para expresar relación emocional:
A nosa Sonia é moi alegre.
Meu pobre, que che pasou?

OS DEMOSTRATIVOS

O demostrativo é un determinante presentador que achega unha idea de lugar ou tempo.

Formas e usos:

- Obxecto preto da 1ª persoa: **este(s) esta(s) isto**
- Obxecto preto da 2ª persoa: **ese(s) esa(s) iso**
- Obxecto lonxe da 1ª e da 2ª: **aquel(es) aquela(s) aquilo**

Contraen coas preposicións **en** e **de**: **deste, diso, nesa, naquilo...**

Amalgámase co indefinido **outro**: **esoutro, estoutra, aqueloutras...**:

- empréganse para realizar unha escolla entre elementos parellos:
non me gustan eses lentes, prefiro aqueloutros;
- contraen á súa vez coas mesmas preposicións: *non me fales desoutros.*

Usos especiais:

Daquela úsase con **dous valores especiais**:

- **locución adverbial de tempo**: *daquela aínda non tiñamos lavalouza.*
- **locución conxuntiva con valor consecutivo**: *se non vés, daquela eu tampouco.*

Aquel (calidade positiva) e **aquela** (negativa) úsanse como **substantivos**, cun significado comodín expresivo:

*a obra ten un aquel atraente,
ten unha aquela que non me gusta.*

Aquelar, cun significado contextual: *leveí o coche ao taller para que mo aquelasen.*

Aquelado (axeitado, xeitoso): *é o máis aquelado para o posto.*

Aqueloutrar(se) (apamparse): *andas aqueloutrado, meu.*

Nisto, nestas, con estas pódense empregar co valor especial de entón, nese momento, de repente: *nisto chegou el e acabouse a paz; e, con estas, enmudeceu.*

OS INDEFINIDOS

Indican indeterminación ou imprecisión referida a unha cantidade ou á identidade de algo ou de alguén.

Sintacticamente adoitan funcionar como actualizadores, aínda que tamén poden actuar como pronomes.

Desde o punto de vista semántico, poden clasificarse en:

- **cuantificadores.** Asignan un número ou cantidade indeterminada: *algún, algo, nada, pouco, abondo, demasiado, varios...*
- **identificadores.** Delimitan os elementos facendo referencia á semellanza ou diferenza de identidade: *ambos, outro, calquera, cada, cadaquén...*

Segundo a forma distinguimos:

- **variables** (mudan en número e/ou xénero): *algún/algunha, bastante/bastantes...*
- **invariables:** *algo, ningún, nada...*

Variables:

*un(s), unha(s), algún(s), algunha(s), ningún(s), ningunha(s)
pouco(s) –a(s), abondo(s) –a(s), moito(s) –as
bastante(s), demasiado(s) –a(s), tanto(s) –a(s)
todo(s) –a(s), outro(s) –a(s), mesmo(s) –a(s)
propio(s) –a(s), certo(s) –a(s), determinado(s) –a(s)
varios –as, ambos –as, entrambos –as
tal(es), cadanseu(s), cadansúa(s) (Ver posesivo)*

Algún. Só achega significado positivo: *non supón gasto *algún / non supón gasto ningún; non ten semellanza *algunha / non ten semellanza ningunha.*

Abondo. Amais de indefinido (*teño flores abondas*) pode funcionar como adverbio (*estou ben abondo/dabondo*)

Mesmo. Amais de indefinido (*a mesma historia de sempre, ti mesmo, hoxe mesmo*) tamén funciona como adverbio ("incluso"): *mesmo lle indiquei a hora precisa, mesmo ela se interesou;* e con outros valores: *atinoulle mesmo no ollo.*

Ambos. Cando funciona como adxacente debe ir precedido de artigo: *ambos os nenos.* Cando precede ao numeral *dous/dúas* tamén esixe a presenza de artigo: *estaban ambas as dúas latricando, levaron ambos os coches*

O mesmo acontece con *entrambos*: *fixérono entrambos os nenos/ entrambos os dous nenos.*

Un, algún e outro contraen coas preposicións *en* e *de*: *estará nalgunha caixa, falo doutra cousa, falou duns problemas.*

Non hai contracción coa preposición *con*: *tanto falaba con un coma con outro; cada domingo ía ao cine con unha distinta, nunca coa mesma.*

Invariables:

algo, alguén, cada, cadaquén, calquera, quenquera, máis, menos, nada, ren ou res, ningún, o(s) a(s) máis, o(s) a(s) demais.

Cadaquén ("cada persoa", "cada un"): *cadaquén que se apañe, a cadaquén o seu.*

Calquera (evítade o castelanismo **calquer*, así como o hipergaleguismo **calqueira*): *puido ser calquera, calquera día, calquera home.*

Quenquera (“alguén”, “calquera persoa”): *quenquera que fose, hamas pagar*. Hai que evitar o hipergaleguismo **quenqueira*.

Ren ou res (“ningunha cousa”, “nada ou case nada”): *non dixo ren*.

OS NUMERAIS

1. Cardinais (indican un número concreto de obxectos):

cero	nove	dezaioito	noventa
un/unha	dez	dezanove	cen
dous/dúas	once	vinte	cento un...
tres	doce	trinta	douscentos...
catro	trece	<u>corenta</u>	<u>cincocentos</u> (quiñentos)...
cinco	catorce	cincuenta	oitocentos...
seis	quince	sesenta	mil
sete	dezasais	setenta	
oito	dezasete	<u>oitenta</u>	

Cento, milleiro, millón, billón e trillón funcionan como substantivos.

Igual ca no resto das decenas, non contraen *vinte e un*, *vinte e sete*...

Cómpre evitar formas dialectais e castelanismos: **dazaseis*, **dazasete...*; **cuarenta*, **ochenta*, **quinientos*.

2. Ordinais (indican a orde de colocación)

primeiro	oitavo	vixésimo	octoxésimo
segundo	noveno	vixésimo primeiro...	nonaxésimo
terceiro	décimo	trixésimo	centésimo
cuarto	undécimo (décimo primeiro)	cuadraxésimo	milésimo
quinto	duodécimo (décimo segundo)	quincuaxésimo	millonésimo
sexto	décimo terceiro	sesaxésimo	último
sétimo	décimo cuarto...	septuaxésimo	derradeiro

Todos admiten forma feminina e plural: *foi a primeira*, *foron as primeiras*.

Pero nas formas compostas só muda o último elemento:

quedou en décimo novena posición, *foron as décimo terceiras*

Os postos 11 e 12 admiten dobre forma: **undécimo** ou **décimo primeiro**; **duodécimo** ou **décimo segundo**.

3. Multiplicativos (indican o número de veces que se contén algo)

dobre (duplo -a)	quíntuplo -a	óctuplo -a	céntuplo -a
triplo -a	séxtuplo -a	nónuplo -a	
cuádruplo -a	séptuplo -a	décuplo -a	

Os restantes fórmanse engadíndolle a expresión veces máis ao cardinal: *fichárono polo dobre*, non polo *quíntuplo*; *el quería gañar duascenas veces máis*.

Evitar os castelanismos **doble* e **triple* por *dobre/duplo* e *triplo*.

4. Partitivos (indican a parte dun todo):

medio -a	sexto -a	onceavo
metade (<i>*mitade</i>)	sétimo -a (<i>*séptimo</i>)	doceavo...
terzo -a (<i>*tercio</i>)	oitavo -a (<i>*octavo</i>)	centésimo
cuarto -a	noveno -a	milésimo
quinto -a	décimo	millonésimo

Os restantes fórmanse engadíndolle ao cardinal o sufixo -avo: (1/18) *un dezaotoavo*, (2/37) *dous trinta e seteavos*...

5. **Colectivos** (indican unha cifra sen nomeala concretamente, algúns de maneira aproximada: unha parella de noivos, pero *bebería un par de cervexas*):

- **par**, **parella** (**parexa*), **decena**, **ducia** (**docena*), **quincena**, **vintena**...
centena/cento, **milleiro** (**millar*)

6. **Outros** (usámoslos en campos concretos):

- **dúo**, **trío**, **cuarteto**, **quinteto**;
- **semana**, **lustro**, **quinquenio**, **decenio**, **século**, **milenio**, **trienio**, **sexenio**; **trimestre**, **cuadrimestre** (**cuatrimestre*), **semestre**; **novena**; **corentena** (**cuarentena*).

Pesos e medidas

Hoxe en día guiámonos polo sistema métrico decimal, pero aínda usamos ás veces algúns elementos do sistema tradicional, se ben o peso e a medida que indican soe variar dunha a outra parroquia.

Podemos escoitar a miúdo:

- lonxitude: **legua** (máis de 5 km), **milla** (náutica), **vara** (varía, pero arredor de 80 cm) e **cuarta** (20 cm)
- peso: **libra** (adaptouse aos 500gr, aínda que era máis), **onza**, **quintal**, **arroba**
- **ferrado**, tanto para superficie (arredor de 4 áreas, pero distinta en cada parroquia) como para capacidade de cereais (a capacidade do recipiente tamén chamado "ferrado")

O VERBO

Sintacticamente, funciona como núcleo da frase verbal e admite complementos. Morfoloxicamente admite sufixos de modo e tempo (SMT) e de número e persoa (SNP) denominados desinencias verbais.

I CONXUGACIÓN <i>andar</i>	II CONXUGACIÓN <i>varrer</i>	III CONXUGACIÓN <i>partir</i>
INDICATIVO presente		
<i>ando andas anda andamos andades andan</i>	<i>varro varres varre varremos varredes varren</i>	<i>parto partes parte partimos partides parten</i>
copretérito (pretérito imperfecto)		
<i>andaba andabas andaba andabamos andabades andaban</i>	<i>varría varrías varría varriamos varriades varrían</i>	<i>partía partías partía partiamos partiades partían</i>
pretérito (pretérito perfecto)		
<i>andei andaches andou andamos andastes andaron</i>	<i>varrín varriches varreu varremos varrestes varreron</i>	<i>partín partiches partiu partimos partistes partiron</i>
antepretérito (pretérito pluscuamperfecto)		
<i>andara andaras andara andaramos andarades andaran</i>	<i>varrera varreras varrera varreramos varrerades varreran</i>	<i>partira partiras partira partiramos partirades partiran</i>
futuro		
<i>andarei andarás andaré andaremos andaredes andarán</i>	<i>varrerei varrerás varreré varreremos varrerades varrerán</i>	<i>partirei partirás partirá partiremos partiredes partirán</i>

pospretérito (condicional)		
<i>andaría</i> <i>andarías</i> <i>andaría</i> <i>andaríamos</i> <i>andariades</i> <i>andarían</i>	<i>varrería</i> <i>varrerías</i> <i>varrería</i> <i>varreríamos</i> <i>varreriades</i> <i>varrerían</i>	<i>partiría</i> <i>partirías</i> <i>partiría</i> <i>partiríamos</i> <i>partiriades</i> <i>partirían</i>
SUBXUNTIVO presente		
<i>ande</i> <i>andes</i> <i>ande</i> <i>andemos</i> <i>andedes</i> <i>anden</i>	<i>varra</i> <i>varras</i> <i>varra</i> <i>varramos</i> <i>varrades</i> <i>varran</i>	<i>parta</i> <i>partas</i> <i>parta</i> <i>partamos</i> <i>partades</i> <i>partan</i>
copretérito (pretérito imperfecto)		
<i>andase</i> <i>andases</i> <i>andase</i> <i>andásemos</i> <i>andásedes</i> <i>andasen</i>	<i>varrese</i> <i>varreses</i> <i>varrese</i> <i>varrésemos</i> <i>varrésedes</i> <i>varrésedes</i>	<i>partise</i> <i>partises</i> <i>partise</i> <i>partísemos</i> <i>partísedes</i> <i>partisen</i>
futuro		
<i>andar</i> <i>andares</i> <i>andar</i> <i>andarmos</i> <i>andardes</i> <i>andaren</i>	<i>varrer</i> <i>varrerres</i> <i>varrer</i> <i>varrermos</i> <i>varrerdes</i> <i>varrerren</i>	<i>partir</i> <i>partires</i> <i>partir</i> <i>partirmos</i> <i>partirdes</i> <i>partiren</i>
FORMAS NOMINAIS infinitivo		
<i>andar</i>	<i>varrer</i>	<i>partir</i>
xerundio		
<i>andando</i>	<i>varrendo</i>	<i>partindo</i>
participio		
<i>andado</i>	<i>varrido</i>	<i>partido</i>
infinitivo conxugado		
<i>andar</i> <i>andares</i> <i>andar</i> <i>andarmos</i> <i>andardes</i> <i>andaren</i>	<i>varrer</i> <i>varrerres</i> <i>varrer</i> <i>varrermos</i> <i>varrerdes</i> <i>varrerren</i>	<i>partir</i> <i>partires</i> <i>partir</i> <i>partirmos</i> <i>partirdes</i> <i>partiren</i>

Verbos que rematan en **-er** (CII) e en **-ir** (CIII).

1. Rematan en **-er** (CII):

converxer (*converxir)	erguer	proer (*pruír, *escocer)
demoler (*demolir)	esparexer (*esparcir)	render (*rendir)
derreter (*derretir)	espremer (*esprimir)	repeler
diverxer (diverxir)	fender	rexer (*rexir)
emerxer (*emerxir)	ferver	toller ("eivar, impedir")
encher	premer	xemer (*xemir)

2. Tamén rematan en **-er** os derivados de **bater**, **correr**, **romper** e **verter**:

bater (*batir):

abater (*abatir), **combater** (*combatir), **debater** (*debatir), **rebater** (*rebatir)

correr:

concorrer (*concurrir)	ocorrer (*ocurrir)
decorrer	percorrer (*recorrer)
discorrer (*discurrir)	recorrer ("presentar recurso", "pedir amparo")
escorrer (*escurrir)	socorrer
incorrer (*incurrir)	transcorrer (*transcurrir)

romper:

corromper, **interromper** (*interrumpir), **irromper** (*irrumpir), **prorromper**

verter (*vertir):

converter (*convertir), **invertir** (*invertir), **perverter** (*pervertir), **reverter** (*revertir), **subverter** (*subvertir)

3. Rematan en **-ir** (CIII):

aducir	dicir	escribir	vivir
concibir (*concebir)	elixir (*elixir)	recibir	

Caracterización morfolóxica do verbo: **and - a - ba - mos**

R VT SMT SNP

1. Raíz (R):

achega o contido léxico (lexema); é o único constituínte obrigatorio:

1.1. Será **rizotónica** se leva acento (**and-o**), **arrizotónica** se non o leva (**and-a-ba**)

1.2. Indica se un verbo é **regular** ou **irregular** (neste caso haberá unha raíz de presente e outra de pretérito). Tamén muda nos verbos con **alternancia**.

2. Vogal temática (VT):

Indica a **conxugación**; primeira (CI), segunda (CII) ou terceira (CIII).

A maioritaria tirámola do infinitivo:

CI: **-a-**: **and-a-r** CII: **-e-**: **varr-e-r** CIII: **-i-**: **part-i-r**

Pero presenta **alomorfos** (variantes):

-∅-: nas seguintes persoas das **tres conxugacións**:

-p1 do pste. de indicativo: **and-∅-∅-o**, **varr-∅-∅-o**, **part-∅-∅-o**;

-todas do pste. de subxuntivo: **and-∅-e-mos**, **varr-∅-a-mos**, **part-∅-a-mos**.

CI: **-e-**, **-o-**: no pretérito: **and-e-i** (p1) **and-o-u** (p3)

CII: **-i-**: en todo o copretérito: *varr-i-a-mos*; no participio, *varr-i-do*; e nas p1 e p2 do pretérito: *varr-í-n*, *varr-i-ches*.

CIII: **-e-**: p2, p3, p6 do pste. de indicativo: *part-e-s*, *part-e*, *part-e-n*.

3. Sufixo de modo e tempo (SMT): Indica modo, tempo, aspecto.

a) Indicativo:

presente e pretérito: **-ø-**: *and-a-ø-s*; *and-a-ø-ches*.

copretérito: **-ba-** na CI: *and-a-ba-mos*; **-a-** nas CII e CIII: *varr-i-a-mos*, *part-i-a-mos*.

antepretérito: **-ra-**: *and-a-ra-mos*.

pospretérito: **-ria-**: *and-a-ria-mos*.

futuro: **-re-** / **-ra-**: *and-a-re-mos*, *and-a-ra-s*.

b) Subxuntivo:

presente: **-e-** na CI: *and-ø-e-mos*; **-a-** nas CII e CIII: *varr-ø-a-mos*, *part-ø-a-mos*.

pretérito: **-se-**: *and-á-se-mos*.

futuro: **-r-** / **-re-**: *and-a-re-s*, *and-a-r-mos*.

imperativo: **-ø-**: *and-a-ø*, *and-a-ø-de*.

c) Nas formas nominais indica máis ben substancia (infinitivo) ou aspecto (xerundio e participio):

infinitivo: **-r-**: *varr-e-r*; participio: **-do-**: *varr-i-do*; xerundio: **-ndo-**: *varr-e-ndo*.

d) Infinitivo conxugado: **-r-** / **-re-**: *varr-e-r-mos*, *varr-e-re-n*.

4. Sufixo de número e persoa (SNP):

P1: **-ø** na maioría: *and-a-ba-ø*, *and-a-se-ø...*

-o no pste. indicativo: *and-ø-ø-ø*.

-i no pretérito da CI: *and-e-ø-i*.

-n no pretérito das CII e CIII: *varr-í-ø-n*.

P2: **-s** en case todos os tempos: *and-a-ba-s...*

-ches no pretérito: *and-a-ø-ches*.

-ø no imperativo: *and-a-ø-ø*.

P3: **-ø** na maioría: *and-a-ra-ø*, *and-a-ria-ø...*

-u no pretérito: *and-o-ø-u*, *varr-e-ø-u*.

P4: **-mos** sempre: *and-a-re-mos*, *and-a-r-mos*.

P5: **-des** na maioría: *part-i-re-des*, *and-a-ø-des...*

-stes no pretérito de indicativo: *and-a-ø-stes*.

-de no imperativo: *and-a-ø-de*.

P6: **-n** na maioría: *part-i-rá-n*, *varr-e-se-n...*

-ron no pretérito: *varr-e-ø-ron*.

Anotacións sobre os verbos regulares:

1. Diferenzas da fala coa norma estándar:

As p4 e p5 de copretérito, antepretérito e pospretérito de indicativo son

- graves na forma estándar: *andabamos, andabades; andamos, andarades; andariamos, andariades.*
- esdrúxulas na nosa fala: **andábamos, *andárades, *andaríamos...*

Cómpre, polo tanto, non acentualas na escrita.

Debes poñer atención ás formas da conxugación propias da túa área dialectal. Son perfectamente correctas no rexistro coloquial, mais deben ser substituídas polas formas do estándar no rexistro formal (oral ou escrito).

2. Son regulares os verbos seguintes:

2.1. **andar**, coa raíz sempre and-: *andei, andou, andarades, andasen...*;

non **anduv-* nin **andiv-*: **anduvén, *andivo, *andivera...*

2.2. Nos verbos regulares **crer, ler, rir** e derivados (*descrer, reler, sorrir...*) prodúcese certas contraccións: *les, cres, ris*; non **lees, *crees, *ries*

liches, criches, riches; non **leiches, *creiches, *reiches lemos, cremos, rimos...*; non **leemos, *creedes, *reiron...*

2.3. Son regulares os rematados en

- **cer**: *acontecer, adoeecer, agradecer, aparecer, coñecer (*conocer), crecer, obedecer, escurecer (*oscurecer), nacer...*;

carezo, coñezo; obedeza, naza...; nunca **aparezco, *aparezca, *obedezca...*

- **cir**: *conducir, introducir, producir, reducir, traducir...*;

conduzo, conduza, conducín...; nunca **conduzco, *traduzca, *traduxen...*

Exceptúanse os irregulares *facen* e *dicir*.

2.4. Son regulares os rematados en **-uír**: *incluír, atribuír, construír, diminuír*

(**disminuír*), *posuír (*poseer)*:

inclúo, inclúa; posúo, posuín, posúa...;

non **incluio, *construía, *atribuía, *poseo...*

2.5. Son regulares os rematados en

- **ear**: *nomear (*nombrar), cear (*cenar), encadear (*encadenar)*

nomeo, nomeei; ceo, ceei; encadeamos...

- **oar**: *amontoar, enxaboar, repoboar (*enxabonar), coar(*colar), perdoar (perdonar), magoar, acaroar, coroar, soar, abotoar, voar: abotoo, abotoei, enxaboei, perdoe...*;

nunca **abotonas, *repoblamos, *colar, *perdone, *coronado...*

2.6. Introducen **-i-** na p1 do presente de indicativo e en todo o presente de subxuntivo os verbos rematados en

- aer**: *caer (decaer, recaer)* e os derivados de *traer* (este é irregular): *atraer, distraer*:

caio, caes...; caías, caías caía...; distraio, distraía, distraías...

Reparemos: *caíamos, saíamos* son subxuntivos, fronte ao copretérito *caíamos, saíamos*, con diérese por mor de marcar o hiato; estas na nosa fala son esdrúxulas: **caíamos, *saíamos*.

- oer**: *choer ("pechar"), doer, moer (remoer), proer ("picar o corpo", *escocer), roer (corroer): moio, moíamos, roíades, doían...* que na nosa fala facemos **doa, *roa...*

- aír**: *saír, sobresaír...*: *saio, saían.*

Cómpre evitar o castelanismo **salir* (**salo*, **salan...*)

-oír: *oír*, *desoír...*: *oio*, *desoiades*, que na nosa fala adoitamos facer **oa*, **desoan...*

O verbo *oír* ten a variante *ouvir*, irregular, coas dúas raíces

- **ouv-** en case todos os tempos: *ouves*, *ouvía*, *ouviu*, *ouvise...*
- **ouz-** só na p1 do pste. de indicativo: *ouzo* (logo *ouves*, *ouve*, *ouvimos...*)
e en todo o pste. de subxuntivo: *ouza*, *ouzas...*

Valores dos modos e dos tempos verbais

INDICATIVO (modo non marcado, presenta a acción de maneira obxectiva e real)

Presente (*ando*, *varro*, *parto*)

Indica accións que coinciden co momento actual da fala.

Tamén pode expresar outros valores:

- **Presente intemporal ou permanente:** *o carballo é unha árbore*.
Realidades concibidas fóra do tempo, eternas ou de validez ilimitada.
- **Presente habitual:** *temos clase polas mañás*.
Accións que se repiten con regularidade.
- **Presente con valor de futuro (prospectivo):** *vémonos mañá*.
Acción futura.
- **Presente histórico:** *Rosalía publica Cantares Gallegos o 17 de maio de 1863*.
Acción pasada: frecuente en narracións para dar viveza e proximidade psicolóxica.
- **Presente con valor imperativo:** *Ti fas todo o que che manden*.

Pretérito ou pretérito perfecto (*andei*, *varrín*, *partín*)

Acción anterior ao momento do enunciado.

Tamén: **Anterioridade a un momento futuro:** *cando chegue a noite xa se esqueceu*.

Copretérito ou pretérito imperfecto (*andaba*, *varría*, *partía*):

Tempo pasado: *moi ben o pasabamos no verán*.

Outros valores:

- **Simultaneidade no pasado:** *cando cheguei á casa, saía Lía*.
- **Accións habituais no pasado:** *de mozos íamos sempre ao cine*
- **Intemporalidade no pasado:** *os romanos eran bos guerreiros*
- **Cortesía** (para preguntar ou pedir algo): *eu quería saber se venden ordenadores*.
- **Narrativo:** *Unha vez había un home ao que lle medraba a orela dereita*.

Antepretérito ou pluscuamperfecto (*andara*, *varrera*, *partira*):

Acción anterior a outra do pasado.

Outros valores:

- **Cortesía:** *quixera que me deixase unha cousa*.
- **Desiderativo:** *quen me dera esa moto!*

Este tempo adoita ser utilizado, por interferencia morfolóxica do castelán, como forma do pretérito de subxuntivo (*andase*, *varrese*, *partise*). En galego, o pretérito de subxuntivo non ten dobre forma que si posúe o castelán:

castelán: *Ojalá fuera/fuese verano.*

galego: *Oxalá ~~fo~~ra/fose verán.*

Pospretérito ou condicional, futuro hipotético (andaría, varrería, partiría)

Acción posterior a un momento determinado do pasado: *dixo que despois che faría o encargo.*

Outros valores:

- **Probabilidade** (sen significado temporal): *serían moi intelixentes, pero fracasaron.*
- **Probabilidade ou incerteza no pasado**: *serían máis de vinte*
- **Cortesía**: *sería tan amable de mo explicar?*

Futuro (andarei, varrerei, partirei)

Acción que se realizará nun tempo posterior ao momento da fala.

Outros valores:

- **De obrigación**: *mañá estudarás máis.*
- **De incerteza ou probabilidade**: *terá cincuenta anos.*

SUBXUNTIVO (modo da irrealidade; no terreo do desexo, da posibilidade...)

Presente (ande, varra, parta)

- **Simultaneidade co presente**: *o que fagas agora depende de ti.*
- **Simultaneidade co futuro**: *o que fagasmañá depende de ti*
- **Desiderativo**: *oxalá que chova!*
- **Imperativo**: *non berres que non son xordo.*

Pretérito (andase, varrese, partise)

Pode indicar pasado, presente ou futuro, dependendo da situación na que se estea a falar: *aconselloume que vise aquela película, non creo que chegase aínda, sentou a agardar que chegase.*

Como indicamos no antepretérito, o pretérito de subxuntivo só ten a forma con desinencia -se, polo que usar as formas de antepretérito con valor de subxuntivo é un castelanismo que debemos evitar.

Futuro de subxuntivo (andar, andares...):

Acción non real con probabilidade de realizarse

Consérvase en frases feitas, refráns na lingua literaria e na linguaxe administrativa.
cando viñeres pola casa, veralo; sexa como for

IMPERATIVO. Expresa ordes, suxestións, consellos...

Só ten como formas propias as p2 e p5: ***anda, andade; varre, varrede; parte, partide.***

Nas outras persoas emprégase o presente de subxuntivo:

responde ao que che preguntan,
que respondan ao que lles preguntan.

FORMAS NOMINAIS DO VERBO

Infinitivo

Pode desempeñar as mesmas funcións sintácticas ca un verbo ou ca un substantivo (suxeito, CD, Suplemento, CC)

Encántame comer, quero durmir, fala de ir, chámote ao rematar

Xerundio

Forma: leva **-ndo** como SMT: ***and-a-ndo***.

Valor: é unha forma nominal que ten aspecto imperfectivo (presenta a acción do verbo no seu desenvolvemento) e modifica adverbialmente o verbo: *indo pola estrada viron un sapo*.

Algunhas peculiaridades:

- Admite o sufixo **-iño**: *ven correndiño!*
- Tamén pode acadar un valor imperativo: *Andando, veña!*
- A súa repetición ten un carácter intensificador: *remando, remando, remando... demos chegado*.
- Pódense conxugar, como acontece na nosa fala, algunhas persoas: *nós preparándonos o exame e vós a enredar*.
- Precedido da preposición **en** indica anterioridade: *en acabando de cear, imos fóra tomar un xeadó*.
- Ten un equivalente no **infinitivo xerundial**, **a + infinitivo** :
está chovendo ou *está a chover*.

Participio

Forma:

Os máis son regulares e fórmanse co SMT **-do**: ***and-a-do***.

Hai verbos con participio irregular: *aberto, feito, escrito, posto, morto, dito...*

E hainos que teñen dúas formas:

- unha regular (xeralmente usada nas perífrases e na pasiva): *non me dou cansado*;
- e outra irregular (adoita funcionar como adxectivo): *estou canso*.

Velaquí algúns exemplos de verbos con dúas formas de participio:

<i>acendido/aceso</i>	<i>distinguido/distinto</i>	<i>limpado/limpo</i>	<i>salvado/salvo</i>
<i>bendecido/bendito</i>	<i>enxugado/enxoito</i>	<i>maldicido/maldito</i>	<i>tinxido/tinto</i>
<i>calmado/calmo</i>	<i>escorrido/escorreito</i>	<i>nacido/nado</i>	<i>tollido/tolleito</i>
<i>cansado/canso</i>	<i>espertado/esperto</i>	<i>pagado/pago</i>	<i>torcido/torto</i>
<i>chocado/choco</i>	<i>fartado/farto</i>	<i>prendido/preso</i>	<i>volvido/volto</i>
<i>collido/colleito</i>	<i>fixado/fixo</i>	<i>quentado/quente</i>	
<i>comido/comesto</i>	<i>gastado/gasto</i>	<i>resolvido/resolto</i>	

Mesmo poden aparecer tres formas para un verbo: *envolvido, envolveito, envolto*.

Valor: é unha forma nominal de aspecto perfectivo (acción vista como rematada). Pode funcionar como

- adxectivo verbal: *a película recentemente estreada*;
- valor propiamente verbal nas perífrases: *non dan estreado a película*.

O INFINITIVO CONXUGADO

Fórmase sobre a base do infinitivo nominal, tanto nos verbos regulares coma nos irregulares: *and-a-r, and-a-re-s, and-a-r, and-a-r-mos, and-a-r-des, and-a-re-n*

Debe usarse a forma conxugada:

1. Cando o infinitivo ten un suxeito distinto ao do verbo principal (expreso ou non):

Chegarmos tan tarde impediú o acordado. / Chamámoste ao saíres do cine.

2. Aínda tendo o mesmo suxeito que o verbo principal, se vai precedido de preposición, sobre todo se vai en posición inicial: *para te achegares aos cans, toma precaucións; antes de marchardes, comede algo.*
3. Cando ten o mesmo suxeito ca o verbo principal, pero a suficiente distancia como para que se poida perder a noción de cal é o suxeito: *Seguide pola estrada principal da costa para verdes mellor toda a paisaxe.*
4. Nas oracións subordinadas substantivas **sen nexo con función de suxeito**: *convén teres coidado; cómpre facerdes o traballo; é importante estarmos atentos; gústame termos a tarde libre; é mágoa quedaren sen nada; é preciso abrigármonos.*
Tamén con verbos pronominais ou reflexivos: *metéreste no que non che importa acabar por darche problemas.*
5. Nas oracións circunstanciais (finais, causais, temporais, condicionais, concesivas) introducidas por unha preposición, aínda que teña o mesmo suxeito que o verbo principal:
 - finais (con *para*): *apurade un pouco máis o paso para chegardes a tempo;*
 - causais (con *por*): *por falarmos de máis, metémonos nun compromiso;*
 - temporais (coa contracción *ao*): *ao chegares, avísame;*
 - condicionais (con *de*): *de cociñares mellor, contrataríante;*
 - concesivas e outros valores (con *con*): *con choraren, non o van conseguir.*

Debe usarse a forma invariable:

1. Se o infinitivo forma parte dunha perífrase verbal: *han de ser uns vinte; temos que rematar.*
2. Cando a preposición é esixida polo verbo: *pensas en facelo; esqueceronse de vir;*
3. Cando o infinitivo é impersoal: *fumar é prexudicial*
4. Cando o infinitivo depende da preposición *de* e funciona como modificador dun adxectivo (*un asunto difícil de resolver*)
5. Cando o infinitivo está rexido por:
 - Un verbo causativo (mandar, deixar, permitir, prohibir): *deixouvos entrar, mandounos calar, permítenche cantar.* Reparade que o suxeito do infinitivo indícase co pronome átono.
 - Un verbo por modal (querer, poder, deber...): *queres vir?, podes marchar, debes durmir.*
 - Un verbo perceptivo ou de sentido (sentir, ver, oír...): *vímoste chegar, sentínche entrar.* (O suxeito do infinitivo indícase co pronome átono).
 - Un verbo de movemento nunha construción con valor final (ir, vir): *viñeron para arranxar o coche.*
6. Cando ten valor imperativo: *a calar!*

FUTURO DE SUBXUNTIVO

Forma: ten as mesmas desinencias que o infinitivo conxugado e coinciden na forma nos verbos regulares: *andarmos* e *andarmos*; *comeren* e *comeren*;

Pero é distinta nos irregulares por levar a raíz de pretérito:

- infinitivo conxugado: *dicirdes, queren, caberes;*
- futuro de subxuntivo: *dixerdes, quixeren, couberes.*

Valor: indica unha acción futura non real pero con probabilidade de realizarse:

Cando falares mal de alguén, mira ben con quen.

Uso: este tempo verbal está case perdido na fala, talvez por presión do castelán, pero

- consérvase en frases feitas e refráns: *veña o ben e veña por onde quixer*;
- estase a recuperar sobre todo na lingua literaria e en rexistros formais da escrita documental xurídica e administrativa: *os que botaren o lixo fóra dos colectores, serán multados, pode axudarme o que quixer; quen tiver cartos, pode facelo*

Verbos con alternancia vocálica

Os verbos con alternancia vocálica mudan unha vogal da raíz:

1. Verbos da CII que levan **o** ou **e** como última vogal da raíz: presentan timbre aberto da vogal unicamente nas p2, p3, p6 do presente de indicativo:

/ε/ bebo, bebes, bebe, bebemos, bebedes, beben

/ɔ/ como, comes, come, comemos, comedes, comen

Pero non no imperativo, que ten vogal pechada: *come, comede; bebe, bebede.*

Reparade na diferente pronuncia: *non come nada, fronte a come dunha vez!*

Con todo, algúns verbos deste tipo non presentan esta alternancia, senón :

- timbre sempre aberto: querer, quecer, esquecer, poder.
- timbre sempre pechado: deber, crer, ler, sobreser (e derivados) e os rematados en -cer (parecer...)

2. Mudan **/u/** por **/ɔ/** algúns verbos da CIII que teñen **u** como última vogal do lexema (tamén só nas p2, p3 e p6 do presente de indicativo): Son os verbos tipo *subir, tusir*:

subo, sobes, sobe, subimos, subides, soben; tuso, toses, tose, tusimos, tusides, tosen.

Tampouco no imperativo: *o rapaz tose moito / rapaz, tuse tres veces!*

Seguen este modelo, xunto cos derivados:

<i>acudir</i>	<i>recubrir</i>	<i>fluxir</i>	<i>pulir</i>	<i>consumir</i>	<i>xurdir</i>
<i>bulir</i>	<i>cumprir*</i>	<i>lucir:</i>	<i>ruxir</i>	<i>ensumir</i>	
<i>rebulir</i>	<i>cuspir (*escupir)</i>	<i>deslucir</i>	<i>sacudir</i>	<i>tusir</i>	
<i>cubrir</i>	<i>durmir</i>	<i>relucir...</i>	<i>subir</i>	<i>ulir</i>	
<i>descubrir</i>	<i>engulir</i>	<i>mulir*</i>	<i>sufir</i>	<i>urdir</i>	
<i>encubrir</i>	<i>fundir*</i>	<i>muxir</i>	<i>sumir</i>	<i>xunguir</i>	

cumprir: só o verbo defectivo que significa “ser preciso, ser mester”: *cómpre máis auga*. Non cumprir cos restantes significados: *non cumpren as normas; con iso xa cumpres, aínda que non fagas máis nada*.

fundir co significado de “render”: *este xabón non fonde nada*. Non fundir co significado de “licuar, dar forma”: *o sol funde o xeo, mañá funden a escultura*.

mulir: “abrandar, amolecer”, “botar mulime ou batume”.

3. Os verbos da CIII tipo **pedir** mudan o **e** da raíz por **i** nalgúns persoas e tempos:

- presente indicativo (p1,2,3,6): *pido, pides, pide, pedimos, pedides, piden.*
- presente de subxuntivo (todo): *pida, pidas...*
- imperativo (p2): *pide pedide.*

Conxúganse así:

<i>adherir</i>	<i>discernir</i>	<i>investir</i>	<i>repetir</i>
<i>advertir</i>	<i>divertir</i>	<i>inxerir</i>	<i>revestir</i>
<i>agredir</i>	<i>dixerir</i>	<i>medir</i>	<i>suxerir</i>
<i>competir</i>	<i>espelir</i>	<i>pedir</i> (e derivados)	<i>transferir</i>
<i>concernir</i>	<i>espir</i> (*desnudar)	<i>preferir</i>	<i>transgredir</i>
<i>conferir</i>	<i>inferir</i>	<i>referir</i>	<i>vestir</i>
<i>diferir</i>	<i>inserir</i>	<i>reflectir</i> (*reflexar)	

4. Cinco verbos da CIII, xunto cos seus derivados, presentan tripla alternancia

Seguir, mentir, ferir, servir, sentir:

-/ε/ nas p2, p3, p6 do presente de indicativo:

sirvo, serves, serve, servimos, servides, sirven;

-/i/ na p1 do presente de indicativo: *sirvo*

en todo o presente de subxuntivo: *sirva, sirvas..., sirvamos...*

na p2 do imperativo: *sirve, serve*

Verbos irregulares

Presentan raíces distintas:

- unha de pretérito para pretérito e antepretérito de indicativo, pretérito e futuro de subxuntivo,
- outra de presente para o resto dos tempos;
- poden presentar outras irregularidades noutros tempos ou persoas;
- moitos destes verbos estenden a raíz da p1 do pste. de indicativo a todo o pste. de subxuntivo: *caibo, caiba; veño, veña; vallo, valla...*

A seguir, aparecen os máis usuais, conforme o seguinte criterio:

- evitamos citar formas do paradigma estándar cando coinciden coa nosa fala;
- reparamos nas formas que adoitan usarse incorrectamente por castelanismo, e nas que, por dialectalismo de noso, non coinciden co estándar.
- cando o estimamos oportuno, poñemos a continuación do pretérito a p1 dos tempos que levan a mesma raíz;
- os tempos (pres., pretér....) son de indicativo, de non indicarmos outro modo.

Caber

Pres.: *caibo, cabes, cabe...*

Pretér.: *couben, coubeches...* (*coubera, coubese*)

Pres. subx.: *caiba, caibas...*

Desviacións:

- castelanismos coa raíz *quep-: **quepo, *quepa, *quepamos*
- regularización coa raíz cab- para pretérito...: **cabín, *caberamos...*
- regularización con *cab- no canto de caib-: **cabo, *caba, *cabas...*
- uso abusivo de *coller* por *caber*:

non collo por esa porta, non creo que colla: non caibo por esa porta, non creo que caiba.

Dar

Pres.: *dou, dás, dá...*

Pretér.: dei, dechese, deu, demos, destes, deron.

Pres. subx.: dea, deas ...

A evitar:

- castelanismo **de*, **des*... para pte. de subx. : *que mo *de: que mo dea*;
- dialectalismo **din* por *dei* para a p1 do pretér.: **din as grazas: dei as grazas*;
- as formas *dá*, *dás* levan acento diacrítico: *non dá as grazas, vén da praia*;
- dialectalismo **dou* para a p3 do pretér. (*dou* é só pte.):
hoxe non lle dou (pres.) as grazas, onte non mas deu (pretér.) el,
*hoxe non lle dou (pres.) as grazas, onte non mas *dou (pretér.) el.*

Dicir

Pres.: digo, dis, di, dicimos, dicides, din.

Copretér.: dicía... (*dicindo*...)

A evitar: castelanismos coa raíz **dec*:- **decimos*, **decía*, **decindo*... e **dicen*

Estar

Pretér.: estiven, estiveches... (*estivera*, *estivese*)

Pres. subx.: estea, esteas ...

A evitar:

- a raíz de pretérito **estuv*:- **estuvén*, **estuvera*, **estuvese*...
- **esté* no canto de *estea*: *non creo que *estés: non creo que esteas*

Facer

Pres.: fago, fas, fai, facemos, facedes, fan

Pretér.: fixen, fixeches... (*fixera*, *fixese*, *fixer*...)

Pres. Subx.: faga, fagas... Participio: feito

Haber

Pres.: hei, has, ha/hai, habemos, habedes, han.

Pretér.: houben, houbeches... (*houbera*, *houbese*)

Pres. subx.: haxa...

A evitar: o castelanismo **huben*...

Ir

Pres.: vou, vas, vai, imos, ides, van.

Copretér.: ía, ías ...

Pretér.: fun, fuches, foi, fomos, fostes, foron. Coincide co do verbo *ser*.

Pres. subx.: vaia, vaías ...

Imperativo: vai, vamos, ide.

Vamos:

- usámolo con valor imperativo (normalmente podémolo substituír por *vaiamos*: *vamos dunha vez! vamos, veña!*).
- nunca con valor de presente. indicativo: vós *ides amodo*, nós *imos con présa*; vós **vades amodo*, nós **vamos con présa*.

A evitar no copretérito no canto de *ía*: -castelanismo **ibas*, **ibas*...

Parir

Pres.: paio, pares, pare...

Pretér.: **parín, pariches...** (*parira, parise...*)

Pres. Subx.: **paira, pairas, paira...**

Evitar a regularización:

- **paro para o mes, oxalá *para sen dor;*
- *pairo para o mes, oxalá paira sen dor.*

Poder

Pres.: **podo, podes ...**

Pretér.: **puiden, puidiches ...** (*puidera, puidese, puiden*)

Pres. subx.: **poida, poidas...**

A evitar:

- castelanismo **pud-* para pretér.: **puden, *pudera, *pudese...*
- **poido* para a p1 do pres.

Poñer ou Pór (forma sincopada de poñer)

Podemos usar ambas raíces para moitas formas.

Pres.: **poño, pos, pon, po(ñe)mos, poñedes ou pondes, poñen.**

Copretér.: **poñía...** ou **puña...**

Pretér.: **puxen, puxeches...** (*puxera, puxese*)

Pospretér.: **po(ñe)ría...**

Futuro: **po(ñe)rei...**

Pres. subx.: **poña, poñas...**

Infinitivo conxugado: **poñer** ou **pór, po(ñe)res** ou **pores...**

Xerundio: **po(ñe)ndo.**

Conxúganse igual os derivados: *antepoñer/antepor, compoñer/compor, dispoñer/dispor, expoñer/expor, repoñer/repór...*

Pracer

Pres.: **prazo, praces, prace...**

Pretér.: **prouquen, prouqueches, prougo...** (*prouquera, prouquese...*)

Pres. Subx.: **praza, prazas, praza...**

Os derivados *apracar, compracar, despracer* non seguen o modelo na raíz de pretérito, son regulares: *comprázome, non creo que iso me compraça...*
*compraceume, xa o compracera / *compróugome, xa o *comprouquera.*

Querer

Pres.: **quero, queres, quere...**

Pretér.: **quixen...** (*quixera, quixese...*)

Futuro: **quererei...**

Pospretér.: **querería...**

Pres. subx.: **queira, queiras...**

Saber

Pretér.: **souben, soubeches ...** (*soubera, soubese*)

Pres. subx.: **saiba, saibas ...**

A evitar:

- castelanismo coa raíz **sup-* para pretér.: **supen*, **supera*, **supese*...
- castelanismo coa raíz **sep-* para pste. subx.: **sepa*, **sepamos*...
- **soup-* para pretérito: **soupon*, **souplese*...

Ser

Pres.: ***son, es, é, somos, sodes, son.***

Pretér.: ***fun, fuches, foi, fomos, fostes, foron (fora, fose, for)***

Pres. subx.: ***sexa, sexas***...

A evitar os castelanismos:

- **eres*: ****eres*** un trapalleiro: ***es*** un trapalleiro;
- **sea*, **seas*...: ***oxalá *sea*** certo: ***oxalá sexa*** certo;

Ter

Pres.: ***teño, tes, ten, temos, te(n)des, teñen.***

Pretér.: ***tiven, tiveches***... (*tivera, tiverse, tiver*)

A evitar o castelanismo **tuv-* para pretérito: ***oxalá as *tiverse***, ***oxalá as tiverse***.

Conxúganse igual os derivados: *abster*, *ater*, *conter*, *deter*, *entreter* (**entretener*), *manter*, *reter*, *soster*.

Traer

Pres.: ***traio, traes, trae***...

Pretér.: ***trouxen***... (*trouxera, trouxese, trouxer*)

Pres. subx.: ***traía, traías***...

Os derivados son regulares: *abstraer*, *atraer*, *contraer*, *distraer*, *extraer*, *retraer*, *subtraer* (**subtraer*): ***non me distraín***; ***non me *distrouxen***
aínda que me distraese; ***aínda que me *distrouxese***
extraéronme un vulto: ****estrouxéronme un vulto***
nada me atraeu máis; ***nada me *atrouxo máis***

Valer

Pres.: ***vallo, vales, vale*** ...

Pretér.: ***valín, valiches, valeu*** ..

Pres. subx.: ***valla, vallas, valla*** ...

A evitar: **valo*; **vala*, *valas*...: ***eu para iso non *valo***; ***para iso non vallo***;
non creo que me *valan; ***non creo que me vallan***.

Conxúgase igual *equivaler*.

Ver

Pres.: ***vexo, ves, ve***...

Copretér.: ***vía, vías***...

Pretér.: ***vin, viches, viu, vimos, vistas, viron***.

Reparar: ***viu de ver / veu de vir***: ***Veu*** ao país e ***viu*** a fame que se pasa.

Evitar: **veía*, **veías*...

Vir

Pres.: ***veño, vés, vén, vimos, vi(n)des, veñen***.

Pretér.: ***vin, viñeches, veu, viñemos, viñestes, viñeron (viñera...)***

Imperativo: ***ven, vi(n)de***

Reparar no acento diacrítico de *vés*, *vén*:

Con eses lentes non ves nada, ¿vés comigo ao oculista?

Os veciños non a ven, pero ela vén decote acompañada.

Ven acá!

Para os verbos rematados en **-aer** (*caer, traer...*), **-oer** (*doer, moer, proer...*), **-aír** (*saír...*) e tamén en **-oír** (*oír e ouvir*): Véxase Verbo, III, 2.6.

Para **ler, crer, rir** e derivados: Véxase Verbo, III, 2.2.

AS PERÍFRASES VERBAIS

Son **unidades verbais** formadas por dous verbos: un **verbo auxiliar** en forma conxugada que achega o significado gramatical: número, persoa, modo e tempo; e un **verbo auxiliado** en forma non persoal, infinitivo, xerundio ou participio, que aporta o significado léxico.

As perífrases caracterízanse pola **unidade formal, significación conxunta e función única** (son o núcleo do predicado). Funcionan, logo, coma un todo.

A diferenza con combinacións semellantes de dous verbos (*sei comer; quedou pensando; as camas están para durmir*), nas que o verbo auxiliar ou conxugado conserva o seu significado, nas perífrases non achega significado léxico: *dou amañado* (nada *dou*), *tes que amañalo* (nada *tes*); *o exame está a rematar* (o verbo *estar* só indica persoa, número, tempo e modo).

Algunhas perífrases teñen un **nexo** entre ambos verbos :

– preposicións **de, a, para, por**

– a conxunción **que**

deberemos de amañalo, tes que amañalo

Clasificación das perífrases verbais

Segundo o significado, diferenciamos as seguintes clases:

1. Perífrases verbais con valor temporal.

Indican **futuridade** ou **inminencia** (algunhas achegan o matiz de intención).

Só se constrúen con infinitivo.

Futuridade (xeral):

- **Ir + infinitivo:** *vou ir á Estrada; vou xantar* (intención)
Evitar o castelanismo: **vou a ir á Estrada, *vou a xantar.*
- **Haber (de) + infinitivo:** *hei (de) avisar, habemos (de) far diso.*

Inminencia:

- **Estar a/para + infinitivo:** *está para chegar, está a caer.*
Segundo o contexto, *está a caer* pode ser tamén aspectual imperfectiva: *está caendo.*
- **Haber (pretérito) (de) + infinitivo:** *houbo (de) caer, houben (de) morrer.*
Indica inminencia non cumprida no pasado.
Tamén pode considerarse aspectual imperfectiva.
- **Querer + infinitivo:**
Con verbos referidos á meteoroloxía: *parece que quere chover.*
Cando o suxeito é un ser inanimado: *as roseiras queren agromar.*

2. Perífrases verbais con valor modal.

Indican obriga, hipótese ou probabilidade. Só se constrúen con infinitivo.

Obriga:

- **Haber que + infinitivo:** *haberá que estudar, hai que gañar como sexa.*
- **Haber (de) + infinitivo:** *has (de) facer o que manden.*
- **Ter que/de + infinitivo:** *tedes que levalo, temos de levala ao médico.*
- **Deber (de) + infinitivo:** *deben (de) esforzarse máis.*

Hipótese:

- **Haber (de) + infinitivo:** *han (de) ser as doce*
- **Deber (de) + infinitivo:** *debeu (de) pasar algo.*

Probabilidade:

- **Poder + infinitivo:** *pode ter corenta anos; o motor pode fallar; pode converterse nun éxito.*

3. Perífrases verbais con valor aspectual.

Expresan valores relativos ao tempo interno da acción.

Incoativas: Expresan o inicio dunha acción.

- **Comezar/empezar a + infinitivo:** *empezou a nevar.*
- **Botar(se) a + infinitivo:** *botouse a chorar, botamos todos a correr.*
- **Poñerse a + infinitivo:** *sen máis, púxose a berrar.*
- **Dar en + infinitivo:** *deu en falar e falar e non paraba.*
- **Romper a + infinitivo:** *rompeu a chorar moi emocionado.*

Imperfectivas: Indican acción en desenvolvemento.

- **Estar + xerundio / estar a + infinitivo:** *está traballando, está a traballar.*
- **Andar + xerundio / andar a + infinitivo:** *anda falando, anda a falar.*
- **Levar + xerundio / levar a + infinitivo:** *leva horas falando/a falar.*
- **Seguir + xerundio:** *aínda segues pescudando?*
- **Ir + xerundio:** *imos indo, vou fartando de ti.*
- **Vir + xerundio:** *vén cantando coma se nada.*

Poden indicar un proceso gradual (vaise achegando) ou ter un matiz reiterativo (leva moitos anos adestrando)

Terminativas: Indican a acción que se achega ao seu remate.

- **Chegar a + infinitivo:** *chegou a dicir que eras parvo.*
- **Vir a + infinitivo:** *ao final veu a saberse a verdade.*
- **Acabar por + infinitivo:** *acabou por se durmir.*

Perfectivas: Expresan a acción como acabada, un proceso rematado.

- **Acabar de + infinitivo:** *acaba de chegar, acabei de ler o poema.*
- **Deixar(se) de + infinitivo:** *ao verme deixou de remexer na gabeta.*
- **Dar + participio:** *custoume, pero dei rematado; non dan acabado a obra.*
- **Levar + participio:** *levo andado moito mundo, moito levo aturado.*
Tamén valor reiterativo: *moitos exames levo feito.*
- **Ter + participio:** *sinto non ter chegado a tempo*
Tamén valor reiterativo: *moitas teño feito.*
- **Ir + participio:** *o camiño xa vai andado..*

Reiterativas: Expresan a repetición dunha acción.

- **Volver + infinitivo:** *volveulle dar unha recaída, volveireicho dicir.*
Nunca con prep.: *volve estar de moda* / * *volve a estar de moda.*
- **Ter + participio:** *téñocho dito moitas veces, moitas lle teño contado.*
- **Levar + participio:** *moitas luras levo matado.*

4. A voz pasiva:

- **Ser + participio** (*a declaración foi lida polo secretario*)
Pode considerarse unha perífrase ou analizarse como unha oración simple atributiva (o participio sería o atributo). É de uso moi escaso na escrita e case inexistente na lingua oral.

ADVERBIOS E LOCUCIÓNS ADVERBIAIS

O adverbio é unha palabra invariable en xénero e número (algúns poden admitir sufixos alterativos: *cedísimo, pretiño*). Sintacticamente é núcleo dunha frase adverbial (*veu cedo*) e funciona como modificador dun verbo, dun adxectivo, doutro adverbio, dunha frase preposicional ou dunha cláusula. Dentro da oración funciona como complemento circunstancial.

Clasificación dos adverbios.

Clasifícalos pola circunstancia que expresan, polo significado:

1. De lugar:

- **algures**, “en calquera lugar”: *estará en algures*
- **ningures**, “en ningún lugar”: *non o vin por ningures*
- **xalundes**, “por calquera lugar”: *andaré por xalundes*
- **onde** (non **donde*)
- **u?**: interrogativo: “onde está?”
leva guión ante artigo: *u-la moza?*; non ante pronome: *o mozo, ¿ulo?*
- **aquí** (non **eiquí*), **aí** (non **ahí*), **alí**
- **acá, alá**: indican un lugar pouco determinado
- **acó, aló** (*ven acó, vai aló*): úsanse preferiblemente con verbos de movemento
- **acolá** (*están acolá embaixo*: “nun lugar amplo”)
- **abaixo, debaixo, embaixo / arriba, derriba, enriba, encima**
- **adiante, avante, diante, en fronte** (non **en frente*) / **detrás**
- **arredor, derredor, ao redor / preto, cerca / lonxe** (nunca **lexos*)
- **dentro / entremedias / fóra** (lembrar: *quedou fóra / non fora el*)
- **á beira, ao lado, ao pé; a carón, a rente(s) / a contramán**
- **alén**, “do lado de alá”: *vive alén do paseo*
- **aquén**, “do lado de acá”: *o garaxe teno aquén do río*
- **velaquí** (*velaquí está*), **velaí** (*velaí os tes*): son presentativos.

2. De tempo:

- **antes, antano**: *antano as embarcacións ían a vela*
- **daquela**: *daquela non había avións* (pasado); *daquela non haberá automóbiles* (futuro),
entón, noutroa, outrora: *noutroa ían a vela, arestora a motor; outrora falábasme de amor, arestora rosas*)
- **xacando**, “pasado afastado”: *xacando a froita estaba sa, non había polución*
- **agora** (nunca **ahora*), **arestora** (“neste momento”)
- **hogano**, “neste ano”, “actualmente”: *hogano as embarcacións levan motor*
- **hoxe, hoxe en día** (non **hoxendía*)
- **despois** (non **dispois*), **logo, axiña** (“inmediatamente, decontado”: *atendéronnos axiña; chegou axiña*), **decontado** (non **de contado*), **deseguida** (non **de seguida*), **enseguida, de camiño, ao momento, no momento**.
- **xa**, “algo feito ou que xa se vai facer”: *xa o enviei, xa cho traio*

- de alí a(o) pouco, de aquí a pouco, deica un pouco, ao pouco, deica pouco
- para o outro día, ao outro día, no outro día, endoutro día
- deseguido (non **a continuación*), en diante, de aquí en diante.
- antes de antonte, trasantonte ou o outro antonte / antonte / onte / hoxe / mañá (non **mañán*) / pasadomañá (non **pasadomañán*)
- nunca, xamais, endexamais
- sempre, decote, "habitualmente, a diario; continuamente": *é algo que fai decote*
- arreo, "seguido": *traballa arreo*
- acotío ("todos os días": *sae de paseo a cotío*), a diario, decotío, decontino, a miúdo
- ás veces (non **a veces*), por veces, a cada canto, a cada pouco, de cando en cando, de cando en vez, de vez en cando, de raro en raro, de tempo en tempo
- mentres (non **mentras*), entrementres, namentres, mentres tanto (*ela durmía, mentres entrementres...*) os ladróns levábano todo), entremedias (*fomos ao porto, entremedias demos un paseo*)
- asemade: "ao mesmo tempo": *comía e lía o xornal asemade*
- tarde / cedo / a tempo, en tempo / a deshora, a destempo.

3. De cantidade e precisión:

- abondo, dabondo, bastante, ben.
- demasiado, de máis (*falaches de máis*, non **demaís*), de sobra.
- a medias, medio: *era medio parvo*.
- moito, moi: *falou moito, falou moi serio*.
- todo, de todo: *estaba bébedo de todo*.
- máis.
- menos, de menos.
- tanto, tan: *non se emocionaba tanto, estaba tan tranquilo*.
- algo, pouco.
- nada.
- polo menos, escasamente, case (casemente, case que) (non **casi*) (*eran case que un cento*), malamente, exactamente, mesmamente (non **mismamente*), só (soamente) (non **somentes*), xusto (xustamente), por aí (*pescaría, por aí, dúas ducias de luras*) por riba, por baixo, ben, mal, apenas (non **a penas*).

4. De modo:

- amodo, devagar (devagariño), paseniño (paseniñamente), engorde, ao xeito, pouco e pouco, aos poucos.
- a correr, a escape, á(s) présa(s).
- adrede, á mantenta, a propósito, de propósito.
- de súpeto, de socato, de golpe, de repente, de pronto.
- ben, mal, mellor (non **millor*), peor (non **pior*).
- a dereitas, ao dereito.
- ao revés, do revés, ás avesas.

- **a eito**, “sen escoller, todo seguido”: *botaron a semente a eito.*
 - **a feito**, “a eito” .
 - **ás toas**, “sen reflexionar, ás cegas”: *fas as cousas ás toas, e logo pasa o que pasa.*
 - **a treo**, “de calquera maneira, sen coidado”: *arrombou os libros a treo.*
“en gran cantidade”: *houbo sardiñas a treo.*
 - **ao chou**, “ao azar”: *botaron as bólas ao chou*
“sen reflexionar”: *non as pensa, di palabras ao chou.*
 - **ao xeito**, “a xeito”: *quedou todo arrombado ao xeito.*
“que vai ben”: *todo vai indo ao xeito.*
“amodo”: *fai as cousas ao xeito.*
“oportuno”: *esa palabra vénme ao xeito.*
 - **así, asemade**, “tan pronto como”: *collino asemade o vin.*
 - **de balde**, **en balde**, **gratis**.
 - **á fin**, **ao fin**, **ao cabo**.
 - **despois** (non **dispois*), **logo**.
 - **finalmente**, **ao cabo**, **ao final**, **ao remate**, **ao último**, **por último**, **por últimas**.
 - **de primeiras**, **primeiro**, **ao primeiro**, **de primeiro**, **ao comezo**, **ao principio**.
 - **de segundas**.
 - **ás escuras**, **ás cegas** (non **a escuras*, **a cegas...*), **ás apalpadas**, **ás apalpadelas**, **de recú**, **de ceacú**.
 - **a contramán**.
 - **-mente**: con este sufixo formamos adverbios engadíndolles a adxectivos (sempre na forma feminina): *soamente, claramente, malamente, francamente...*
5. **De afirmación**. Normalmente úsanse para reforzar unha afirmación, pois adoitamos afirmar repetindo o verbo: *-queres vir? -quero/vou; -traballas hoxe? -traballo*
- **abofé**: *abofé que si, abofé que ten razón*
 - **tamén, así mesmo**: *amañaron a rúa e, así mesmo, a beirarrúa*
 - **de certo, de verdade; claro; si** (sen acento, **sí*); **xaora** (“desde logo que si, claro que si”: *denuncieino eu, xaora*)
6. **De negación**:
- **Non, nin, non xa, sequera** (non **siquera*), **tampouco**
 - **Non pode non negar**:
 - en oracións interrogativas: *non marchabas?*;
 - con *ata que*: *non marches ata que non chegue el*;
 - en exclamacións e interrogacións con *canto*: *cantas veces non cho dixen!*;
 - en exclamacións con *mira que, mira se*: *mira se non será tounpa.*
7. **De dúbida**:
- **quizais, quizabes, se cadra, talvez** (non **tal vez*), **se callar, igual, o mesmo, ao mellor, poida que...**
 - **disque, seica, polo visto, seguramente**
8. **Inclusivos**:

- **ata, incluso, mesmo, tamén / tampouco / ademais, de por parte, enriba, por riba, a maiores**

9. Exclusivos:

- **só (non *soio), soamente (non *somentes), simplemente, exclusivamente, unicamente**

10. Particularizadores:

- **maiormente, mormente, máxime, especialmente, sobre todo**

11. De rectificación:

- **mellor dito, ou mellor / canto máis, máis ben / polo menos, sequera, cando menos, cando moito.**

12. Conectores:

- **daquela, entón, logo, por conseguinte, consecuentemente, por iso, xa que logo**
- **así e/a todo, con todo, secasí, non obstante, porén, agora, agora ben, pola contra, polo contrario**
- **ao fin ao cabo, ao final, por último, finalmente.**

Erros frecuentes no uso dos adverbios:

- ***a cegas: ás cegas *de valde: de balde**
- ***a continuación: deseguido *demaís: de máis**
- ***a cotío: acotío *dispois: despois**
- ***a escuras: ás escuras *donde: onde**
- ***afin: á fin *eiquí: aquí**
- ***a mantenta: á mantenta *en frente: en fronte**
- ***a modo: amodo *en seguida: enseguida**
- ***a penas: apenas *hoxendía: hoxe en día**
- ***a presa: ás présas *lexos: lonxe**
- ***a veces: ás veces *mañán: mañá**
- ***a reo: arreo *mentras: mentres**
- ***a toas: ás toas *millor: mellor**
- ***a veces: ás veces *mismamente: mesmamente**
- ***ahora: agora *pasadomañán: pasadomañá**
- ***ahí: aí *pior: peor**
- ***casi: case *sí: si**
- ***de contado: decontado *siquera: sequera**
- ***de cote: decote *soio: só**
- ***de seguida: deseguida *somentes: soamente**
- ***de vagar: devagar *tal vez: talvez**

PREPOSICIÓNS E LOCUCIÓNS PREPOSITIVAS

As preposicións son relacionantes que fan de nexo entre dous elementos, convertendo o segundo en complemento do primeiro. Son vocábulos invariables, os máis deles só teñen significado gramatical.

Clasificación das preposicións.

1. Preposicións propias:

- **a:** debemos evitar usala erradamente (castelanismos):
 - nas perífrases de futuridadade ou intención co verbo *ir*: *vou *a pintar un cadro / vou pintar un cadro, voulo *a dicir / voulo dicir.*
 - nas perífrases reiterativas con *volver*: *volveuno *a facer / volveuno facer, non volvades *a falar / non volvades falar.*
 - logo dun infinitivo subordinado a un nome para indicar acción obrigatoria: *foi o prezo *a pagar polo erro / foi o prezo que tivemos que pagar, expuxo a liña *a seguir / expuxo a liña que pensaba seguir.*
 - tampouco se usa co complemento directo: *o público apoia *aos xogadores / o público apoia os xogadores, asustaron *ao inimigo / asustaron o inimigo, levou canda el *a todos os nenos / levou canda el todos os nenos.* Pero si noutros casos, sobre todo para evitar confusión: *coñéceo a el, criticou á súa irmá, viu a Xoaquín, apoian os socios aos directivos?*
- **ante / perante:** non son sinónimos.
perante:
 - “en presenza de”: *declararon *ante o xuíz / declararon perante o xuíz.*
 - non é sinónimo de *durante*: *enfermou *perante tres anos / durante tres anos*
- **ata (até) / deica:**
 - *ata* pódese usar sempre cos valores de *deica*, pero non ao revés
 - *deica* indica “desde aquí a” ou “desde agora a”: *deica mañá, deica o cume hai un bo treito.*
 Así:
*de Muros *deica Lira hai 12 quilómetros / de Muros ata/a Lira hai..., desde principios de século *deica hoxe / ...ata...*
 Pero si:
vou contigo deica/ata a vila, o prazo vai desde hoxe deica/ata o trinta, deica/ata logo
- **baixo:** algúns usos frecuentes son incorrectos:
 - para expresar punto de partida ou concordancia con algo ou alguén: **baixo ese punto de vista é ilegal / desde ese punto de vista...*
 - para indicar modo ou circunstancias dunha acción: **baixo aquelas circunstancias suspenderon a partida / naquelas (por mor, debido a...) circunstancias...*
- **cabo (de):** *sentou cabo da moza.*
- **canda:** indica compañía ou simultaneidade no tempo: *vinde canda nós, emigrou canda a crise.*

- **cas, (en) cas (de):** *vai (en) cas María*
- **con:** introduce complemento directo con algúns verbos: *tirou con todo, acabou coa froita.*
- **contra:** tamén indica localización imprecisa no espazo e no tempo: *camiñan contra Lariño, quedamos contra a noitiña.*
- **de:** non se debe empregar cos verbos de pensamento: *penso *de que / penso que, opinan *de que / opinan que...*
- **dende, desde, des**
- **en**
- **entre** (non **antre*): nunca debe ir precedida de *de*:
 - **de entre todas escolleu a máis grande / entre todas...*
 - *escolleu unha comisión *de entre os presentes / ... entre os presentes.*
- **malia (a pesar de, pese a):** *malia os atrancos (a pesar dos atrancos) dérono feito.*
Non **a pesares de*: **a pesares de todo deu chegado / a pesar de todo..., malia todo...*
- **onda:** *está onda a praza, levárona onda súa nai, ven onda min.*
- **para** (non **pra*); **por**; **sen** (non **sin*)
- **perante** (ver ante)
- **so** (“baixo, debaixo de”): *o lapis está so o libro, o gato está so a mesa.*

Reparade na diferenza: *so/só: está so a mesa / o gato está só.*

- **sobre:** concorre coas locucións **acerca de / verbo de** para indicar movemento arredor dun asunto: *falaron sobre/acerca de/verbo do cambio climático.*
- **tras:** podemos contraela ou non co artigo: *está tras a casa* ou *está trala casa*, tamén *está tras da casa.*
- **xunta**

2. **Preposicións impropias.** Orixinariamente adxectivos, verbos ou adverbios, habilitados como preposicións; non son átonas coma as propias e rexeñen pronome persoal tónico:

- **agás (aga), bardante, excepto, fóra, menos, quitado, quitando, sacado, sacando, salvo, senón; a/de non ser:** úsanse para indicar exclusión: *estaban todos agás (excepto, menos...) o pai; acerteinos todos, senón (quitando, fóra...) tres.*
- **conforme, consonte, segundo** (non **según, *asegún*): expresan conformidade ou concordancia (“de acordo con”): *fixérono consonte (conforme, segundo) o acordado.* *Conforme e consonte non levan a preposición a: conforme *ao regulamento / conforme o regulamento.*
- **durante; mediante.**

3. **Locucións preposicionais:**

- **abaixo de, debaixo de.**
- **arriba de, derriba de, enriba de, riba de, por riba de; encol de:** *a avioneta voa encol da ría, pon o prato encol da mesa.*
- **diante de:** non se debe usar co significado “en presenza de”: *asinaron o documento *diante do notario / asinaron perante notario.*

- **detrás de, atrás de, tras de...; fronte a/de; cerca de, preto de; lonxe de; xunto a, xunto de; xunto con.**
- **arredor de, ao redor de, derredor de; dentro de; fóra de; antes de; despois de.**
- **además de, amais de, á parte de, de por parte de:** Non **a parte: *a parte deles había outros / á parte delas había outras.*
- **cara a** (nunca **cara* nin **hacia*) indica:
 - dirección dun movemento: *vai cara a Louro;*
 - tendencia e inclinación: *virou cara ás esquerdas;*
 - localización espacial ou temporal imprecisa: *vai cara á praia, virá cara ao inverno.*
 Sempre leva a preposición **a**: *cara *a praia / cara á praia; cara *o porto / cara ao porto; *cara Esteiro / cara a Esteiro.*
 Sempre ha indicar dirección: *o respecto *cara a natureza / respecto pola natureza; botou aldraxes *cara ao xefe / contra o xefe.*
- **a pesar de, pese a** (ver malia).
- **acerca de, respecto a/de, tocante a, verbo de, en canto a:** *respecto á (tocante á, verbo da...) súa dimisión, mellor calar; acerca desas andainas: verbo desas andainas...*
- **á beira de, beira de, a/de/en/ao par de, ao lado de, ao pé de, a/ao carón de, a rente(s) de, ao son de:** *queda ao son (á beira, ao pé, a carón...) da casa.*
- **a/por causa de, por cousa de, por culpa de, por mor de:** *perdeuse o froito por mor da seca.*
- **a/á forza de, a poder de, a por de.**
- **a/en prol de, a/en favor de:** *disertou a prol da paz.*
- **a través de, por medio de.**
- **co gallo de** expresa razón ou causa: *co gallo do aniversario, fixeron unha festa.*
- **en vez de, en troques de, no canto de, en lugar de, no sitio de:** *no canto de vires, mandas recado.*

Erros frecuentes no uso das preposicións:

- **a parte de: á parte de *de entre: entre*
- **a pesares de: a pesar de, pese a, malia *frente a: fronte a*
- **a redor de: arredor de *hacia: cara a, a, contra*
- **acarón de: a carón de *hasta, *hastra: ata, até*
- **antre: entre *perto de: preto de*
- **arrente(s) de: a rente(s) de *para: para*
- **asegún: segundo, conforme, consonte *según: segundo, conforme...*
- **cara: cara a *sin: sen*
- **conforme a: conforme *respecto a/de: respecto a/de*
- **consonte a: consonte*

CONXUNCIÓNS E LOCUCIÓNS CONXUNTIVAS

As conxuncións son palabras invariables que funcionan como nexos sintácticos de coordinación ou de subordinación entre dous elementos da mesma oración ou dúas oracións.

Conxuncións coordinantes

Son conectores de dous elementos que poderían existir individualmente:

1. Copulativas: e, nin, mais, a mais, e mais: *a lúa e mais o sol (non leva acento)*

2. Disxuntivas: ou ; ou...ou Non se debe utilizar en enunciados negativos: *non había nenos, nin vellos *ou mozos*.

3. Distributivas: ou... ou; xa... xa; ora... ora.

Tamén: *que, ben, sexa, quer, cal...*

4. Adversativas:

- pero, mais ,así e todo, con todo, non obstante, no entanto, porén, agora ben, ora ben, agora que, ora que.
- senón, expresa incompatibilidade entre dous termos, o primeiro negativo: *non é branco, senón negro*.
- Non *sen embargo.

Conxuncións subordinantes

Son transpositores que habilitan unha oración para realizar algunha función propia de substantivo ou frase nominal:

1. Substantivas:

- **que, se.** Habilitan oracións con funcións de suxeito, CD, suplemento e tamén de termo dunha frase preposicional: *foi certo que o dixo; dille que veña: dille se vai vir; informou de que morrera; contoulle o conto de que ía dimitir*.

2. Finais:

- **para que, a que:** *foi onda ela a que llo contase*
- **porque:** *foi a clase porque llo explicase*
- **a fin de que, co gallo de (que):** *chamou aos fillos co gallo de celebraren o cabodano do pai*

3. Causais:

- **porque, que, pois, xa que, dado que, posto que:** *non lle digas nada, que prefire non sabelo*.
- **visto que, pois que, como queira que:** *visto que non era seguro, quedaron para outra ocasión*.
- **por causa de que, por cousa de que, por culpa de que, por mor de que, a causa de que, a resultas de que, unha vez que, toda vez que:** *estaba nervioso por mor de que a cara dos médicos era moi seria*.

4. Consecutivas:

- **así que, conque (non *con que), de maneira que, de modo que, de xeito que, de aí que, daquela, entón, logo, por conseguinte, polo tanto, xa que logo, en consecuencia, así**

pois, por iso, así é que: levaba unha hora agardando, conque collín e marchei; non daba chegado, daquela eu funme; non é positivo, xa que logo eu non o aprobo.

5. Concesivas:

- **aínda que, inda que** (non **unque*), **aínda cando**.
- **a pesar de que** (non **a pesares de que*), **pese a que, malia que, por mais que, mal que:** *malia que (...) está ben avisado, el segue na súa.*
- **ben que:** *ben que llo advertira, ela non fixo caso.*
- **mesmo que/se:** *mesmo que o multen ben multado, el segue estacionando alí.*
- **así:** *haílo que contar, así morra do desgusto.*

6. Condicionais:

- **se, con que, no caso de que, con tal de que, coa condición de que:** *con que (...) vaías xa cumpres, como: como non veñas, enfádase*
- **a nada que, a pouco que:** *a pouco que (...) mudes de actitude, conseguíralo.*
- **sendo que, suposto que, a/de non ser que, agás que, bardante que, excepto que, quitado que, sacado que, salvo que, senón que, a menos que, non sendo que:** *de non ser que (...) cambies, vaiche seguir pasando o mesmo.*

7. De lugar:

- **onde** (adverbio relativo con valor conxuntivo). *Durmín onde puiden*

8. Temporais:

- **mentres (que), mentres tanto, namentres, entremetres; en canto, en tanto.**
- **sempre que, cada vez que, cando queira que.**
- **desde/dende que, des que:** *des que llo dixen, non me falou máis.*
- **ata que, deica que :** *non vou para aló deica que marche.*
- **antes de que / despois de que, logo de que.**
- **apenas, así, así como, en canto, aínda ben non, non ben, unha vez (que), a(o) que, nada máis que:** *ao que (aínda ben non...) llo dixen, fuxiu.*
- **axiña que, tan axiña (como), logo que, tan pronto (como, que), tan logo (que/como), decontado que, deseguida que, enseguida que:** *axiña que se decataron...*

9. Modais:

- **como, tal (e) como, así como** (*foi así como cho conto*), **mal como** (*mal como puido, deu chegado ao hospital*), **ben como** (*sacounos adiante ben como puido*)
- **segundo** (non **según, *asegún*), **conforme, consonte:** *fixoo segundo (...) acordáramos.*
- **de forma que, de maneira que, de xeito que, de modo que:** *acubillouse ao pé da árbore, de xeito que (...) non lle dese o sol.*
- **sen que:** *entrou sen que o sentisen.*

10. Proporcionais ou correlativas:

- **conforme, segundo:** *segundo cheguen, valos anotando.*
- **a medida que, ao paso que, así como:** *ao paso (...) que lía, escribía.*
 1º termo: **canto máis, menos, menor, maior, peor, mellor...**
 2º termo: **máis, menos, maior...**
canto máis apura, máis se achega

canto peor se poñía el, mellor o pasaba ela.

11. Comparativas:

- **ca, coma, que, como.** Ver tema do adxectivo.

